

O demo no corpo

Raymond Radiguet

Tradución de M.^a Dolores Ramos Duarte

Sei que me vou expor a moitos reproches pero que podó facer? É culpa miña que cumprise doce anos algúns meses antes de declararse a guerra? Sen dúbida, as confusións que me viñeron deste extraordinario período foron dun tipo que nunca se experimenta con esta idade pero como non existe nada o bastante forte como para envellecernos a pesar das aparencias, tiña que comportarme coma un neno ante unha aventura na que un home sentiría vergonza. Non son o único, pois os meus compañeiros gardarán desta época un recordo diferente ao dos seus maiores. Que aqueles que me detestan saiban o que foi a guerra para moitos rapaces novos: catro anos de longas vacacións.

Viviamos en F..., á beira do Marne.

Os meus pais condenaban as amistades mixtas. A sensualidade, que nace con nós e se manifesta aínda cega, aumenta con isto no canto de diminuír.

Nunca fun un soñador. O que lles parecía un soño aos outros, máis crédulos, parecíame tan real coma o queixo ao gato, a pesar da tapadeira de vidro. E con todo a tapadeira existe.

Unha vez que a tapadeira rompeu, o gato aproveita, mesmo se son os seus donos quen a rompen e como consecuencia cortan as mans.

Ata os doce anos non recordo ningún amorío a non ser unha rapaciña, chamada Carmen, a quen lle fixen chegar, por medio dun rapaz máis pequeno ca min, unha carta na que lle declaraba o meu amor. Usando este amor, pedíalle unha cita. Enviáralle a

carta pola mañá antes de que entrase na clase. Fixárame na única mociña que se parecía a min, porque andaba limpa e porque ía á escola acompañada dunha irmá pequena, coma min co meu irmán pequeno. Para que estas dúas testemuñas calasen, imaxinaba casualos dalgún xeito. Entón coa miña carta, metín outra de parte do meu irmán, que non sabía escribir, para Mlle Fauvette. Expliqueille a meu irmán a miña intención e a sorte que tiñamos de coincidir con aquelas dúas irmás da nosa idade e dotadas de nomes de pía tan excepcionais. Tiven a tristeza de comprobar que non me equivocara sobre o bo xénero de Carmen cando, despois de xantar cos meus pais, que me consentían todo e nunca me rifaban, volvín á clase.

Cando aínda os meus compañeiros se estaban sentando nos seus pupitres –mentres eu no fondo da clase, estaba en crequenias para coller dun estante os volumes de lectura en voz alta por ser o primeiro da clase–, o director entrou. Os alumnos puxéronse de pé. Traía unha carta na man. Afrouxáronme as pernas, caéronme os libros e recollinos mentres o director falaba co mestre. Os alumnos dos bancos de diante xa empezaran a virarse cara a min, rubio, no fondo da clase, ao oír murmurar o meu nome. O director chamoume e para castigarme dun xeito agudo, sen espertar, cría el, ningunha mala idea nos outros alumnos, felicítoume por escribir unha carta de doce liñas sen ningunha falta. Preguntoume se a escribira só e despois pedíume que o seguise ao seu despacho. Non chegamos a ir porque me soltou o sermón no patio, á chuvia. O que confundiu moito as miñas nocións de moral foi que considerase tan grave como comprometer a mociña (cuxos pais lle comunicaran a miña declaración) que roubase unha folla de papel de cartas. Ameazoume con enviar a carta á miña casa. Supliqueille que non o fixese e cedeu pero díxome que a gardaría e que á primeira reincidencia xa non podería ocultar a miña mala conduta.

Esta mestura de descaro e de timidez desconcertaba os meus e enganábaos como na escola, a miña facilidade, que en realidade era preguiza, facía que me considerasen un bo alumno.

Volvín á clase. O profesor, irónico, chamoume don Xoán o que me fixo sentir moito orgullo sobre todo porque me citou o nome dunha obra que eu coñecía e que non coñecían os meus compañeiros. O seu “bos días, don Xoán” e o meu sorriso cómplice transformaron a opinión da clase con respecto a min. Quizais os meus compañeiros xa sabían que lle encargara a un neno pequeno entregarlle unha carta a unha “moza” como

din os escolares na súa dura linguaxe. Este neno chamábase Messenger; eu non o escollera polo seu nome pero, polo menos, ese nome inspirárame confianza.

Á unha eu suplicáralle ao director que non lle contase nada ao meu pai e ás catro, ardía por contarllo todo. Nada me obrigaba pero tomaba esta confesión coma unha mostra de franqueza. Sabendo que o meu pai non se incomodaría, estaba, ante todo, encantado de que coñecese a miña proeza.

Confesei entón, engadindo con orgullo que o director me prometera unha discreción absoluta, coma a un adulto. O meu pai quería saber se non inventara todas as pezas desta historia de amor así que foi ver o director. No transcurso da visita, fixo un comentario sobre o que el cría que era unha farsa. Como, dixo entón o director sorprendido e moi enfasiado, contoullo? Suplicoume que calase porque vostede o mataría.

Esta mentira do director escusábao e contribuíu aínda máis á miña embriaguez de home. Acto seguido gañei a estima dos meus compañeiros e a complicidade do mestre. O director ocultaba o seu rancor. O pobre desgraciado ignoraba o que eu xa sabía: o meu pai, sorprendido pola súa conduta, decidira deixarme acabar o ano escolar e despois quitarme daquela escola. Estabamos entón a principios de xuño. A miña nai como non quería que isto influíse nos meus premios e nas miñas coroas esperaba a distribución destes para anunciálos. Chegado o día, e grazas a unha inxustiza do director que temía confusamente as consecuencias da súa mentira, como único da clase, recibín a coroa de ouro que merecía tamén o premio de excelencia. Mal cálculo: a escola perdeu os seus dous mellores alumnos, pois o pai do premio de excelencia quitou o seu fillo.

Alumnos coma nós servían de reclamo para quitar outros.

A miña nai considerábase demasiado novo para ir a Henri-IV o que para ela quería dicir ter que coller o tren así que quedei dous anos na casa e traballei só.

Esperaba diversións sen límites, pois, como conseguía facer en catro horas o traballo que non facían en dous días os meus antigos condiscípulos, quedábame libre máis da metade do día. Paseaba só á beira do Marne que considerabamos a nosa ribeira ata tal extremo que as miñas irmás para referirse ao Sena dicían “un Marne”. Incluso ía na barca do meu pai a pesar da súa prohibición, pero non remaba sen chegar a confesarme que o meu medo non era por desobedecerlle, senón simplemente por medo. Lía, deitado no barca. Entre 1913 e 1914, lín douscentos libros e ningún dos que se chaman malos libros senón máis ben os mellores se non pola intelixencia si polo mérito. Así, ben máis tarde, á idade na que o adolescente despreza os libros da Bibliothèque

rose, collínlle gusto ao seu encanto infantil, mentres que nesta época non os quería ler por nada no mundo.

A desvantaxe destes descansos que alternaba co traballo era a de transformar para min todo o ano en falsas vacacións. O traballo que facía cada día era pouca cousa pero como traballaba menos tempo ca os outros, traballaba tamén durante as súas vacacións, esta pouca cousa era coma a tapa de cortiza que un gato garda toda a vida no extremo do rabo, aínda que preferiría un mes de cazola.

As verdadeiras vacacións achegábanse e eu non pensaba moito nelas xa que para min era o mesmo réxime. O gato observaba sempre o queixo debaixo da tapadeira pero veu a guerra e rompeu a tapadeira. Os donos tiveron outros gatos para azoutar e o gato contentouse con isto.

A dicir verdade, todo o mundo se alegraba en Francia. Os nenos, cos seus libros de premios debaixo do brazo, apurábanse para ver os carteis. Os malos alumnos aproveitábanse da angustia das familias.

Nós iamos cada día, despois de comer, á estación de J..., que quedaba a dous quilómetros da nosa casa, para ver pasar os trens militares. Levabamos campánulas e lanzabámoslles aos soldados. Había mozas con mandil que botaban viño tinto nas cantimploras e vertían litros pola plataforma chea de flores. Este conxunto deixoume un recordo de fogo de artificio. Nunca se malgastou tanto viño nin tantas flores mortas. Houbo que engalanar as fiestras da casa.

Pouco tempo despois, xa non iamos a J... Os meus irmáns e irmás comezaban a detestar a guerra porque lles parecía longa. Non podían gozar da beira do mar. Acostumados a erguerse tarde, tiñan que ir mercar os xornais ás seis. Pobre distracción! Pero cara ao vinte de agosto, estes pequenos monstros recuperaron a esperanza. En vez de abandonar a mesa na que habitualmente só permanecían os adultos, quedaban para oír o meu pai falar de marchar. Sen dúbida xa non habería medios de transporte polo que teríamos que facer a longa viaxe en bicicleta.

Os meus irmáns gastábanlle bromas á pequena porque as rodas da súa bicicleta apenas tiñan corenta centímetros de diámetro: “Ímoste deixar soa no camiño”. A pequena saloucaba. Pero que ánimo para lustrar as máquinas! Non tiñan ningunha preguiza. Propuxeron reparar a miña. Erguíanse ao amencer para saber as novas. Mentres todos se estrañaban eu descubrín os móbiles daquel patriotismo: unha viaxe en bicicleta ata o mar! Un mar máis afastado, máis bonito ca o de costume. Queimarían

París para poder marchar máis rápido. O que aterraba a Europa convertérase na súa única esperanza.

É o egoísmo dos nenos tan diferente do noso? No verán, no campo, maldicimos a chuvia que cae mentres os agricultores a piden.

É raro que un cataclismo se produza sen fenómenos precursores. O atentado austríaco, a tormenta do proceso Caillaux estendían unha atmosfera irrespirable e propicia á extravagancia. Así pois o meu verdadeiro recordo da guerra é anterior á guerra.

Velaquí como:

Burlabámonos, os meus irmáns e eu, dun dos nosos veciños, un home grotesco, anano con perilla branca e carapucha, conselleiro municipal e que se chamaba Maréchaud. Todo o mundo lle chamaba o pai Maréchaud. Aínda que viviamos porta con porta, evitabamos saudalo o que lle provocaba tanta rabia que un día, non aguantando máis, aborounos na rúa e díxonos: “Ben, non saúdan un conselleiro municipal?” Nós escapamos. A partir desta impertinencia, declaráronse as hostilidades pero, que podía facer contra nós un conselleiro municipal? Ao ir e vir da escola os meus irmáns tocaban a súa campá con tanta audacia que o can, que podía ter a miña idade, non daba medo ningún.

A véspera do 14 de xullo, cando ía buscar os meus irmáns, levei unha gran sorpresa ao ver unha chea de xente reunida diante da reixa dos Maréchaud. Uns cantos tileiros mal podados ocultaban a medias o seu chalé no fondo do xardín. Desde as dúas da tarde, a criada da casa, que se volvera tola, refuxiábase no teito e negábase a baixar. Os Maréchaud, espantados polo escándalo, cerraran as contras, aínda que a traxedia da tola enriba do tellado aumentase ao parecer a casa abandonada. Había xente que gritaba, que se indignaba porque os seus amos non fixesen nada por salvar aquela desgraciada, que cambaleaba por riba das tellas, sen ter, polo demais, aspecto de borracha. Teríame gustado poder quedar alí sempre pero a nosa criada, mandada pola miña nai, veu chamarnos para ir traballar. Sen isto, quedaría sen festa. Marchei coa morte na alma e rogándolle a Deus que a criada aínda estivese no tellado cando fose buscar o meu pai á estación.

Aínda estaba pero os raros transeúntes que volvían de París, apurábanse para ir cear e non perder o baile e só lle concedían un minuto distraído.

Ata este momento, ademais, para a criada non se trataba máis ca dunha repetición máis ou menos pública. Tiña que debutar pola noite, segundo o costume, cos chorros de luz formándolle unha verdadeira rampla. Estaban acesos á vez os da avenida e os do xardín, pois os Maréchaud, a pesar da súa aparente ausencia, non se atreveran a

non acender a luz, coma xente importante. Ao fantástico desta casa do crime, sobre cuxo tellado paseaba, coma sobre a ponte dun navío engalanado, unha muller co cabelo solto, contribuía moito a voz da muller, inhumana, gutural e dunha dozura que poñía a carne de galiña.

Como os bombeiros dun pequeno concello son “voluntarios” ocúpase todo o día de cousas diferentes ás bombas. Neste caso eran o leiteiro, o pasteiro, o cerralleiro que, despois de acabar o seu traballo, ían extinguir o incendio se non se extinguira el só. Desde a mobilización, os nosos bombeiros formaran ademais unha especie de milicia misteriosa facendo patrullas, manobras e roldas nocturnas. Estes valentes chegaron por fin e fenderon a multitude.

Unha muller avanzou. Era a muller dun conselleiro municipal, adversario de Maréchaud, e que, desde había algúns minutos, se apiadaba ruidosamente da tola. Deulle recomendacións ao capitán: “Intenten levala por ben, vive con tal privación, miña pobre, nesa casa na que lle baten... Sobre todo, se é o medo de que a despidan, de encontrarse sen traballo, o que a fai reaccionar así, díganlle que eu a collerei na miña casa e que lle pagarei o dobre”.

Esta caridade ruidosa produciu un efecto mediocre sobre a multitude que só pensaba na captura e a quen a muller molestaba. Os bombeiros, que eran seis, escalaron a reixa, rodearon a casa, subindo por todos os lados, pero tan pronto como un deles apareceu no tellado, a multitude, coma os nenos nun espectáculo de monicreques, púxose a vocear, a previr a vítima.

– Calen!, gritou a dama, o que excitaba os “Mira un alí, mira un alí!” do público. Ao oír os gritos, a tola, armándose de tellas, mandoulle unha ao casco do bombeiro que chegara á cima. Os outros cinco volveron baixar enseguida.

Mentres os tiros, os tiouvivos, as barracas, na praza Maior, se lamentaban de ver tan pouca clientela, unha noite na que a venda de entradas debería ser frutuosa, os máis arriscados pillabáns escalaban os muros e apurábanse sobre o céspede para seguir a caza. A tola dicía cousas que esquecín con esa profunda melancolía resignada que lle dá á voz a certeza de que un ten razón e de que todo o mundo se equivoca. Os pillabáns, que preferían este espectáculo á festa, querían combinar os praceres polo que, temendo que collesen a tola cando non estaban, ían rápido dar unha volta nos cabalos de madeira. Outros, máis prudentes, instalados nas pólas dos tileiros, coma para a revista de Vincennes, contentábanse con acender fogos de bengala e petardos.

É fácil de imaxinar a angustia do matrimonio Maréchaud, dentro da casa, pechados no medio do ruído e das luces.

O conselleiro municipal, home da dama caritativa, subira a un muro baixo da reixa e improvisaba un discurso sobre a covardía dos propietarios que provocaba aplausos.

Crendo que lle aplaudían a ela, a tola saudaba, cun paquete de tellas debaixo de cada brazo, e tiraba unha cada vez que albiscaba un casco. Coa súa voz humana, agradecía que por fin a comprendesen. Imaxineime unha moza, capitá corsaria, que queda soa no seu barco que se afunde.

A multitude espallábase, un pouco cansa. Eu quixera quedar co meu pai, mentres que a miña nai, para satisfacer a necesidade de mal de corazón que teñen os nenos, levaba os seus dos cabaliños á montaña rusa. Certo, eu sentía esa estraña necesidade máis vivamente ca os meus irmáns. Gustábame que o meu corazón batese rápido e de forma irregular. Aquel espectáculo, dunha profunda poesía, satisfacíame ben. “Que pálido estás” dixera a miña nai. Encontrei unha escusa nos fogos de bengala que me daban, dixen eu, unha cor verde.

– Teño medo de todos os xeitos de que isto o impresione demasiado, díxolle a meu pai.

– Bah, respondeu el, ninguén é máis insensible ca el. Pode ver calquera cousa, agás un coello ao que lle acaban de quitar a pel.

O meu pai dicía iso para que puidese quedar pero sabía que aquel espectáculo me trastornaba e eu sentía que tamén a el lle producía o mesmo efecto. Pedínlle que me collese nos ombros para ver mellor. En realidade, ía esvaecer pois as miñas pernas xa non aguantaban.

Nese momento, non quedaban máis ca vinte persoas. Oímos os claríns, era a retirada dos fachos.

De súpeto cen fachos iluminaron a tola, como, tras a luz doce das ramplas, o magnesio estoura para fotografar unha nova estrela. Entón, axitando as mans en sinal de adeus e crendo na fin do mundo, ou simplemente que a ían coller, a muller tirouse do tellado, rompeu a marquesiña na caída, cun espantoso estrondo, e foi bater nos chanzos de pedra. Ata aquí eu intentara soportar todo, aínda que os meus oídos tintinasen e me fallase o corazón, pero cando oín xente que gritaba: “Aínda está viva” caín, sen coñecemento, dos ombros do meu pai.

Cando volví en min, levoume á beira do Marne onde quedamos ata moi tarde, en silencio, deitados na herba.

Ao volver, pareceume ver detrás da reixa unha silueta branca, o fantasma da criada! Era o pai Maréchaud cun gorro de algodón que examinaba os desperfectos, a marquesiña, as tellas, o céspede, os macizos de flores, os banzos cubertos de sangue e o seu prestixio destruído.

Se insisto neste episodio é porque axuda a comprender mellor ca calquera outro o estraño período da guerra e canto, máis ca o pintoresco, me afectaba a poesía das cousas.

Oímos o canón. Loitaban cerca de Meaux. Contaban que uns *uhlans* foran capturados cerca de Lagny, a quince quilómetros da nosa casa. Mentres a miña tía falaba dunha amiga, que escapara xa os primeiros días, despois de enterrar no xardín uns reloxos e unhas caixas de sardiñas, eu pedíalle ao meu pai poder levar os nosos vellos libros, era o que máis me custaba perder.

Finalmente, no momento no que nos preparabamos para fuxir, os xornais informáronnos de que era inútil.

As miñas irmás ían entón a J... levarlles cestas de peras aos feridos. Descubriran nisto unha compensación, mediocre é certo, a todos os seus bonitos proxectos derrubados. Cando chegaban a J..., as cestas estaban case baleiras.

Eu debía entrar no instituto Henri-IV pero meu pai preferiu que quedase un ano máis no campo. A miña única distracción dese morno inverno foi a de correr á casa do vendedor de xornais para estar seguro de ter un exemplar de *Le Mot*, xornal que me gustaba e que saía os sábados. Ese día nunca me erguía tarde.

Pero chegou a primavera, animada coas miñas primeiras saídas. Co pretexto de facer colectas, esa primavera, paseei, endomingado, cunha mociña ao meu lado. Eu levaba o peto, ela a cesta das insignias. Na segunda colecta, uns compañeiros ensináronme a aproveitar eses días libres para lanzarme nos brazos dunha rapaciña. Apurabámonos entón para recoller pola mañá todo o diñeiro posible, devolvíámoslle ao mediodía a nosa colleita á dama patroa e iamos o resto do día vagabundear polas ladeiras de Chennevières. Por primeira vez, tiña un amigo. Gustábame facer a colecta coa súa irmá. Por primeira vez, entendíame cun rapaz tan precoz coma min e admiraba a súa beleza e o seu descaro. O noso desprezo común polos da nosa idade uníanos máis aínda. Só nós nos considerabamos capaces de comprender as cousas e, finalmente, só nós nos encontrabamos dignos das mulleres. Considerabámonos homes. Por sorte, non nos ían separar. René ía xa ao instituto Henri-IV e eu iría á súa clase, en terceiro. El non tiña que estudar grego pero fixo por min o extremo sacrificio de convencer os seus pais para que lle permitisen estudalo. Así estaríamos sempre xuntos. Como non fixera o primeiro ano, obrigábase a repeticións particulares. Os pais non comprendían nada porque, o ano anterior, ante as súa súplicas, consentíranlle non estudar grego. Viron nisto o efecto da miña boa influencia e, aínda que soportaban os demais compañeiros, eu era o único amigo que aprobaban.

Por primeira vez, ningún día das vacacións dese ano se me fixo pesado. Souben entón que ninguén escapa á súa idade e que o meu perigoso desprezo se fundira coma xeo cando alguén me prestara atención do xeito que me conviña. Os nosos comúns avances abreviaron ata a metade a ruta que o orgullo de cada un de nós tiña que facer.

O día que volvemos ás clases, René foi para min un precioso guía.

Con el todo me parecía un pracer e, aínda que só non podía dar un paso, gustábame facer a pé, dúas veces cada día, o traxecto que separaba Henri-IV da estación da Bastilla onde colliamos o tren.

Así pasaron tres anos, sen outra amizade e sen outra esperanza ca as diabruras dos xoves coas rapaciñas que os pais do meu amigo nos fornecían inocentemente, invitando xuntos a merendar os amigos do seu fillo e as amigas da súa filla, pequenos favores que escondiamos e que elas nos escondían, baixo o pretexto de xogar ás prendas.

Cando viña o bo tempo ao meu pai gustáballe levarnos, aos meus irmáns e a min, a dar longos paseos. Un dos nosos destinos favoritos era Ormesson, seguindo a ribeira ancha do Morbras e atravesando os campos onde nacen flores que non se encontran en ningún outro sitio e cuxo nome esquecín. As matas de lepidio ou de menta ocultaban no pé que se aventura o lugar no que nace a auga. A ribeira arrastra na primavera milleiros de pétalos brancos e rosas. Son os espiñeiros brancos.

Un domingo de abril de 1917, como faciamos frecuentemente, collemos o tren en dirección a La Varenne, desde onde debiamos volver a pé a Ormesson. O meu pai dixo que en La Varenne veríamos os Grangier, unhas persoas agradables. Eu coñecíaos porque vira o nome da filla, Marta, no catálogo dunha exposición de pintura. Un día oíralles falar aos meus pais da visita dun tal M. Grangier. Viñera cunha caixa chea de pinturas da filla de dezaioito anos. Marta estaba enferma e o seu pai quería dar unha sorpresa: que as súas acuarelas figurasen nunha exposición de caridade, cuxa presidenta era a miña nai. Estas acuarelas non tiñan ningunha profundidade e podía verse nelas a boa alumna dos cursos de debuxo, que sacando a lingua e lambendo os pinceis.

Os Grangier esperábanos na plataforma da estación de La Varenne. M. e Mme Grangier debían ter a mesma idade, cerca dos cincuenta, pero Mme Grangier parecía a irmá maior do seu marido; a súa falta de elegancia e a curta estatura fixeron que me desgustase ao primeiro golpe de vista.

No transcurso deste paseo, fixeime en que enrugaba frecuentemente as cellas o que cubría a súa fronte de enrugos que tardaban un minuto en desaparecer. A fin de que tivese todas as razóns para desgustarme, sen ter que sentir que cometía unha inxustiza, desexaba que empregase unha forma de falar vulgar pero esta vez decepcionoume.

O pai tiña pinta de ser un home valente, antigo suboficial, adorado polos seus soldados. Pero, onde estaba Marta? Tremía ante a perspectiva dun paseo sen outra compañía ca a dos pais. Chegaría no próximo tren, “dentro dun cuarto de hora, explicou Mme Grangier, porque non deu acabado de prepararse antes. O seu irmán virá con ela”.

Cando o tren entrou na estación, Marta estaba de pé sobre o estribo do vagón. “Espera a que o tren estea parado!”, gritoulle a súa nai. Aquela imprudente encantoume.

A roupa e o sombreiro que levaba, moi sinxelos, probaban a súa pouca estima pola opinión dos descoñecidos. Collía un neno pola man que parecía ter uns once anos.

Era o seu irmán, un neno pálido de cabelo albino e cuxos xestos delataban a súa enfermidade.

Polo camiño, Marta e eu camiñabamos diante. Meu pai viña detrás, no medio dos Grangier.

Os meus irmáns bocexaban co seu novo amigo esmirrado a quen lle prohibían que correse.

Cando lle fixen cumprimentos a Marta polas súas acuarelas, respondeume modestamente que só eran estudos e que non lles daba ningunha importancia, mostraríame outras mellores. Pareceume oportuno, por primeira vez, non dicirlle que encontraba aquelas flores ridículas.

A causa do sombreiro non podía verme pero eu observábaa.

– Parécese pouco á súa nai, díxenlle.

Era un madrigal.

– Dinmo algunhas veces pero cando veña á casa heille de ensinar fotografías de mamá cando era nova, parézome moito.

Esta resposta entristeceume e rogueille a Deus non ver a Marta cando tivese a idade da súa nai. Coa intención de disipar o malestar desta penosa resposta e sen comprender que penosa só podía selo para min, xa que felizmente, Marta non vía a súa nai cos meus ollos, díxenlle:

– Non fai ben peiteándose así, o pelo liso sentaríalle mellor.

Quedei aterrado, pois nunca lle dixera algo así a ningunha muller. Pensei en como ía eu peiteado.

– Pode preguntarlle a mamá (coma se tivese necesidade de xustificarse!); habitualmente, non me peiteo tan mal pero xa era tarde e tiña medo de perder o segundo tren. Ademais, non tiña pensado quitar o chapeu.

“Que moza é esta, pensei, que admite que un neno a criticase a propósito das súas mechas?”

Intentaba adiviñar os seus gustos en literatura e alegreime de que coñecese a Baudelaire e a Verlaine e encantoume a forma en que amaba a Baudelaire, que non era con todo a miña. Intuí unha revolta. Os seus pais acabaran por aceptar os seus gustos e o seu prometido, nas cartas, faláballe do que el lía e se lle aconsellaba certos libros, prohibíalle outros. Prohibíralle ler *As flores do mal*. Desagradablemente sorprendido de oír que estaba prometida, alegreime de saber que desobedecía un soldado o bastante aparvado como para temer a Baudelaire. Alegreime de saber que debía chocarlle a

Marta frecuentemente. Tras a primeira sorpresa desagradable, alegreime da súa estreitez, sobre todo porque temía que se a el tamén lle gustase *As flores do mal* o seu futuro apartamento se parecese ao de *A morte dos amantes*. Pensei enseguida no ben que me podía vir isto.

O seu prometido tamén lle prohibira as academias de debuxo. Eu, que non ía nunca propúxenlle levala e díxenlle que ía traballar alí frecuentemente. Temendo inmediatamente que a miña mentira fose descuberta, rogueille que non lle dixese nada ao meu pai quen ignoraba que faltaba ás clases de ximnasia para ir á Grande-Chaumière. O que eu non quería era que puidese pensar que lle ocultaba a academia aos meus pais porque me prohibían ver mulleres espidas. Estaba feliz de que houbera un segredo entre nós, e eu, que era tímido, xa me sentía tiránico con ela.

Estaba orgulloso de que preferise atenderme a min ca ao campo pois aínda non fixeramos ningunha alusión ao decorado do noso paseo. Algunhas veces os seus pais chamábana: “Mira, Marta, á túa dereita, que bonitas son as ladeiras de Chennevières”, ou ben o seu irmán se achegaba a ela para preguntarlle o nome dunha flor que acababa de coller. Ela concedíalles unha atención distraída só para que non se enfadasen.

Sentámonos nas pradeiras de Ormesson. Na miña inxenuidade, arrepentíame de chegar a tan lonxe e precipitar de tal xeito as cousas. “Tras unha conversa menos sentimental e máis natural, pensei eu, podería sorprender a Marta e atraer a benevolencia dos seus pais, contando o pasado da aldea”. Abstívenme de facelo. Cría que tiña serias razóns e pensaba que despois de todo o que pasara, unha conversa tan fóra das nosas inquietudes comúns só serviría para romper o encanto. Imaxinaba que pasara algo grave. Era ademais verdade, simplemente que o souben máis tarde, porque Marta dirixira a nosa conversa no mesmo sentido ca min. Pero eu, que non podía darme conta, imaxinaba que lle dixera cousas significativas. Cría que lle declarara o meu amor a unha persoa insensible. Esquecíame de que M. e Mme Gragier poderían ter oído sen o menor inconveniente todo o que lle dixera á súa filla pero, podería dicilo na súa presenza?

– Marta non me intimida, repetíame. Entón, só os seus pais e o meu me impiden lanzarme sobre ela e bicala.

No fondo de min, outro rapaz contento da presenza destes estorbos, pensaba:

– Que sorte non estar a soas con ela pois non me atrevería a bicala e non tería ningunha escusa para non facelo.

Así é como engana o tímido.

Volvemos coller o tren na estación de Sucy. Como tiñamos que esperar unha boa media hora, sentámonos na terraza dun café. Tiven que aguantar os humillantes cumprimentos de Mme Grangier que lle recordaban á súa filla que non era aínda máis ca un estudante de instituto que pasaría o bacharelato o ano seguinte. Marta quixo tomar un zume de granada e eu pedín outro. Esa mesma mañá sentiríame deshonrado bebendo un zume de granada. O meu pai non comprendía nada. Sempre me deixaba servir os aperitivos. Tiña medo de que fixese bromas sobre a miña prudencia e fíxoas pero con palabras de dobre sentido de forma que Marta non podía adiviñar que eu só bebía o zume por facer coma ela.

Chegamos a F... e despedímonos dos Grangier. Prometinlle a Marta que lle levaría, o xoves seguinte, a colección do xornal *Le Mot* e *Une saison en enfer*.

– Outro título que lle gustaría ao meu prometido.

Ría.

– Marta!, dixo enrugando as cellas a súa nai a quen lle chocaba sempre unha tal falta de submisión.

O meu pai e os meus irmáns aburríranse, que importaba? A felicidade é egoísta.

Ao día seguinte, no instituto non sentín a necesidade de contarlle a René, a quen lle contaba todo, a miña xornada do domingo. Non estaba de humor para soportar que se burlase de min por non bicar a Marta ás agachadas. Outra cousa máis me estrañaba e era que aquel día encontraba a René máis parecido aos meus compañeiros.

Para poder amar a Marta, amaba menos a René, os meus pais e as miñas irmás.

Prometíame facer o esforzo de non ir vela antes do día da nosa cita. Con todo, o martes pola noite, sen poder esperar máis, souben encontrar boas escusas para a miña debilidade que me permitisen levarlle o libro e os xornais. Nesta impaciencia, Marta vería a proba do meu amor, pensaba eu, e se se negase a vela, sabería obrigala a facelo.

Durante un cuarto de hora corrín coma un tolo ata a súa casa. Entón, tendo medo de molestala durante a comida, esperei, empapado en suor, dez minutos, diante da reixa. Pensei que durante ese tempo as palpitacións do meu corazón pararían pero aumentaban, pola contra. Estaba a piques de dar a volta pero desde había algúns minutos, unha muller observábame desde unha fiestra veciña con curiosidade querendo saber que facía, refuxiado contra a porta. Fixo que me decidise. Chamei e entrei na casa. Pregunteille á criada se madame estaba na casa. Case inmediatamente, Mme Grangier apareceu na pequena sala na que me meteran. Sobresalteime coma se a criada debese comprender que eu preguntara por “madame” por conveniencia pero que a quen quería ver era a “mademoiselle”. Poñéndome rubio, rogueille a Mme Grangier que me disculpase por molestala a tal hora, coma se fose a unha da mañá, pero como non podería ir o xoves, leváballe o libro e os xornais á súa filla.

– Coincide de marabilla, díxome Mme Grangier, porque Marta non podería recibilo. O seu prometido conseguiu un permiso quince días antes do que pensaba. Chegou onte e Marta cea hoxe na casa dos seus futuros sogros.

Marchei, e xa que non tiña a posibilidade de volver vela, cría eu, esforzábame en non pensar máis nela e por isto mesmo, non facía máis ca pensar nela.

Non obstante, un mes despois, unha mañá, cando saltaba do meu vagón na estación da Bastilla, vina cando baixando doutro. Ía ás tendas escoller algunhas cousas para o casamento. Pedinlle que me acompañase ata Henri-IV.

– Mire, dixo, o próximo ano, cando estea en segundo, terá o meu sogro como profesor de xeografía.

Ferido porque me falase de estudos, coma se ningunha outra conversa fose propia da miña idade, respondiulle acremente que sería bastante gracioso.

Enrugou as cellas e pensei na súa nai.

Chegamos a Henri-IV e como non quería despedirme dela despois de dicirlle aquelas palabras que eu cría tan ferintes, decidín ir á clase unha hora máis tarde, despois da clase de debuxo. Alegreime de que nesta ocasión Marta non amosase sensatez nin me fixese ningún reproche e máis ben parecese agradecerme un tal sacrificio, en realidade nulo. Agradecinlle que a cambio non me propuxese acompañala de compras senón que me dese o seu tempo como eu lle daba o meu.

Estabamos agora no xardín de Luxemburgo e deron as nove no reloxo do Senat. Renunciei ao instituto. Levaba no peto, por milagre, máis diñeiro do que de costume leva un colexial de segundo ano, pois vendera na véspera os meus selos máis raros na bolsa de selos que está detrás do *Guignol* dos Campos Elíseos.

Ao longo da conversa, despois de que Marta me dixese que ía comer á casa dos seus sogros, decidín convencela para que quedase comigo. Deron as nove e media. Marta sobresaltouse, por non estar afeita a que alguén abandonase por ela todos os deberes da clase. Pero vendo que eu permanecía na cadeira de ferro, non ousou recordarme que debería estar sentado nos bancos de Henri-IV.

Quedamos inmóbiles. Así debe ser a felicidade. Un can saltou do estanque e sacudiuse. Marta ergueuse coma quen, despois de durmir a sesta, e co rostro aínda marcado polo sono, sacode os soños. Empezou a facer movementos de ximnasia cos brazos, o que me daba mal agoiro para a nosa harmonía.

– Estes asentos son demasiado duros, dixo, coma para escusarse de estar de pé.

Levaba un vestido de gasa que se enrugara ao estar sentada. Non puideron impedir imaxinarme os deseños que o respaldo imprime sobre a pel.

– Veña, acompañame ás tendas xa que está decidido a non ir ás clases, dixo Marta, facendo por primeira vez alusión ao que eu descoidaba por ela.

Acompañei a varias tendas de roupa de casa e impedinlle pedir o que lle gustaba a ela pero non a min, evitando o rosa, por exemplo, que me molesta e que era a súa cor favorita.

Despois destas primeiras vitorias, tiña que conseguir que non fose comer cos seus sogros. Sen pensar que lles puidese mentir polo simple pracer de quedar na miña

compaña, buscaba algo que a decidise a seguirme a non cumprir cos seus deberes. Soñaba con coñecer un bar americano. Nunca se atrevera a pedirlle ao seu prometido que a levase a un. Ademais, non coñecía os bares. Xa tiña un pretexto. Ante a súa negación, e verdadeiramente decepcionado, pensei que viría. Ao cabo dunha media hora, despois de facer todo por convencela e sen insistir máis, acompañeina á casa dos seus sogros, co ánimo dun condenado a morte que espera ata o último momento que apareza axuda no camiño ao suplicio. Eu vía achegarse o camiño, sen que nada pasase. Pero de súpeto, Marta, golpeando o cristal, parou o condutor do taxi diante dunha oficina de correos.

Díxome:

– Espéreme un segundo. Vou telefonar á miña sogra para dicirlle que estou demasiado lonxe para chegar a tempo.

Ao cabo dalgúns minutos, non podendo máis coa impaciencia, vin un vendedor de flores e escollín unha a unha unhas rosas vermellas coas que mandei facer un ramo. Non pensaba tanto no pracer de Marta como na necesidade de mentir de novo pola noite para explicarlles aos seus pais de onde viñan as rosas. O noso proxecto, despois do primeiro encontro, de ir a unha academia de debuxo; a mentira do teléfono que repetiría esa tarde ante os seus pais, mentira á que lle engadiría a das rosas, eran para min favores máis doces ca un bico. Despois de ter bicado frecuentemente e sen moito pracer beizos de mozas, e esquecendo que era porque non as amaba, desexaba pouco os beizos de Marta, mentres que unha tal complicidade me era, ata ese día, descoñecida.

Marta saía do correo, radiante, tras a primeira mentira. Deille ao chofer o enderezo dun bar da rúa Daunou.

Marta estaba fascinada coma unha pensionista coa chaqueta branca do camareiro, a graza coa que sacudía os vasos de metal e os nomes raros ou poéticos dos cócteles. Ulía de vez en cando as rosas vermellas coas que prometía facer unha acuarela que me regalaría como recordo daquel día. Pedinlle que me mostrase unha fotografía do seu prometido. Pareceume guapo. Como xa notara a importancia que ela lle concedía ás miñas opinións, levei a hipocrisía ata o extremo de dicirlle que era guapo pero cun aire pouco convencido, para que pensase que o dicía por cortesía, o que, segundo cría eu, debía facer nacer a inseguridade no corazón de Marta e ademais atraerme o seu recoñecemento.

Pola tarde tivemos que pensar no motivo da súa viaxe. O seu prometido, cuxos gustos ela coñecía, deixara na súa man a preocupación de escoller os mobles. A nai

quería por forza acompañala pero Marta, por fin, tras prometerlle non facer loucuras, conseguira ir soa. Ese día tiña que escoller os mobles para o dormitorio. Aínda que me prometera non mostrar extremo pracer nin desgusto ante nada que dixese Marta, tiven que facer un esforzo para seguir camiñando polo bulevar cun paso tranquilo que agora xa non ía acorde co ritmo do meu corazón.

Esta obriga de acompañar a Marta pareceume unha mala sorte. Tiña que axudarlle a escoller un dormitorio para ela e outro. Máis tarde, alisquei o medio de escoller un dormitorio para Marta e para min.

Esquecinme tan rápido do seu prometido que ao cabo dun cuarto de hora de camiño, parecería sorprendido se me recordasen que, naquel dormitorio, outro durmiría con ela.

Ao seu prometido gustáballe o estilo Luís XV.

O mal gusto de Marta era distinto, ela máis ben se inclinaría cara ao xaponés. Tiven entón que combater os dous pois tratábase de quen era o máis rápido. Tan pronto Marta falaba, adiviñando o que a tentaba, tiña que mostrarlle o contrario, que non sempre me gustaba, a fin de aparentar ceder ante os seus caprichos cando abandonaba un moble por outro que lle gustaba un pouco máis.

Murmuraba: “A el gustaríalle unha cama rosa”, sen ousar confesarme os seus propios gustos atribuíallos ao seu prometido. Adiviñei que ao cabo dalgúns días nos burlaríamos disto xuntos.

Non obstante, non comprendía ben aquela febleza. “Se non me ama, pensaba eu, por que razón cede, sacrifica as súas preferencias e as dese mozo ante as miñas?” Non encontraba ningunha. A máis modesta sería a de dicirme que Marta me amaba e estaba seguro do contrario.

Marta dixérame: “Polo menos deixémoslle a tea rosa”, “deixémoslle”. Só por esta palabra estaba disposto a ceder pero “deixarlle a tea rosa” equivalía a abandonar todo. Explicáballe a Marta que as paredes rosas alterarían a beleza dos mobles sinxelos que “escolleramos” e aínda recuando ante o escándalo, aconselleille mandar pintar as paredes do dormitorio de branco.

Era o golpe de graza. Marta estivera todo o día tan acosada que o recibiu sen rebelarse e contentouse con dicirme: “En efecto, ten razón”.

Á fin daquela xornada extenuante, estaba satisfeito do paso que dera. Consequira transformar moble a moble, aquel matrimonio de amor, ou máis ben de romance, nun

matrimonio de razón e de que maneira, pois a razón non tiña ningún sitio xa que cada un só encontraba no outro as vantaxes que ofrece un matrimonio de amor.

Ao despedirse de min, aquela noite, en lugar de evitar os meus consellos, rogoume que lle axudase os días seguintes a escoller outros mobles. Prometinllo pero a condición de que me xurase que nunca llo diría ao seu prometido pois a única razón que podería co tempo facer que admitise aqueles mobles, se amaba a Marta, era pensar que todo saía dela, do seu gusto, que se convertería no gusto dos dous.

Cando volvíñ á casa, pareceume ler na mirada do meu pai que xa estaba ao tanto da miña escapada. Naturalmente non sabía nada, como ía sabelo?

“Bah! Jacques acostumarase a este dormitorio” dixera Marta. Ao deitarme, repetíame que, se antes de durmir pensaba no seu casamento, aquela noite debería velo dunha forma totalmente distinta aos días precedentes. Eu, fose cal fose o resultado daquel idilio, vingárame ben do seu Jacques por adiantado: pensaba na noite de vodas naquel dormitorio austero, no “meu” dormitorio!

Ao outro día pola mañá, axexei na rúa o carteiro que debía traerme unha carta de faltas. Deuma e gardeina no peto, ao tempo que metín as demais na caixa de correos da nosa cancela. Truco demasiado simple para non usalo sempre.

Faltar á clase quería dicir, para min, que estaba namorado de Marta. Equivocábame. Marta non era máis ca un pretexto para faltar ás clases e a proba era que, despois de probar en compañía de Marta os encantos da liberdade, quixen probala eu só e máis tarde buscar adeptos. A liberdade converteuse logo nunha droga.

O ano escolar chegaba á fin e eu vía con terror que a miña preguiza ía quedar impune e desexaba a chamada do colexio, un drama, que pechase este período.

A forza de pensar sempre no mesmo, de non ver máis ca unha cousa, se se desexa con fervor, deixa de notarse o crime dos desexos. Certo, eu non buscaba desgustar o meu pai pero desexaba o que podería desgustalo máis. As clases foran sempre un suplicio para min e Marta e a liberdade acabaran de volvermas intolerables. Dábame de conta de que se lle quería menos a René era simplemente porque me recordaba algo do colexio. Sufría e este temor poñíame fisicamente enfermo ante a idea de encontrarme, o ano seguinte, coa necidade dos meus compañeiros de clase.

Para desgraza de René, fixéralle compartir demasiado ben o meu vicio. E cando, por ser menos hábil ca min, me anunciou que o expulsaran de Henri-IV, pareceume ser eu mesmo. Tiña que dicirllo ao meu pai pois el agradeceríame que llo dixese eu mesmo, antes de recibir a carta do xefe de estudos, carta demasiado grave para subtraer.

Estabamos a mércores. Ao día seguinte, día de descanso, esperei a que o meu pai fose a París para previr a miña nai. A perspectiva de catro días de turbación no seu fogar alarmábana máis ca a novidade. Despois, marchei á beira do Marne onde Marta me dixera que quizais nos vísemos. Non estaba. Foi unha sorte porque se o meu amor sacase unha mala enerxía daquel encontro podería a continuación enfrontarme ao meu pai, pero como a tormenta estourou despois dun día de baleiro e de tristeza, volvíñ á casa coa fronte baixa, como conviña. Volvíñ á casa un pouco despois da hora á que sabía que o meu pai tiña por costume estar. El “sabía” entón. Pasei polo xardín, esperando a que o meu pai me chamase. As miñas irmás xogaban en silencio. Adiviñaban algo. Un dos meus irmáns, bastante excitado pola tormenta, díxome que fose ao cuarto no que meu pai estaba tombado.

Os gritos e as ameazas permitiríanme a revolta pero foi peor. O meu pai permaneceu en silencio e despois, sen cólera, cunha voz mesmo máis doce ca de costume, díxome:

– Ben, que tes pensado facer agora?

As lágrimas que non podían escapar dos ollos, coma un enxame de abellas, zumbaban na miña cabeza. Ante unha determinación podería opoñer a miña mesmo impotente, pero ante tal dozura, só pensaba en someterme.

– O que ti me ordenes facer.

– Non, non mintas de novo. Sempre te deixei actuar á túa vontade, continúa. Seguro que consigues que me arrepinta.

Cando se é extremadamente novo, ése moi propenso, como as mulleres, a crer que as lágrimas recompensan de todo. O meu pai nin sequera me pedía lágrimas. Ante a súa xenerosidade, sentín vergonza do presente e do futuro, pois sabía que fose o que fose o que lle dixese que mentiría. “Polo menos que esta mentira o reconforte, pensei, esperando ser para el unha fonte de novos desgustos”. Quizais buscaba a forma de mentirme a min mesmo. O que quería era facer un traballo, non moito máis fatigante ca un paseo e que coma un paseo lle deixase á miña mente non separarse de Marta un minuto. Finxín que quería pintar pero que nunca ousara dicilo. Unha vez máis meu pai non dixo que non, a condición de que continuase a estudar na casa o que debería aprender no colexio pero coa liberdade de pintar.

Cando unha unión aínda non é sólida, para perder alguén de vista, abonda con faltar unha vez a unha cita. A forza de pensar en Marta pensaba nela cada vez menos. A

miña mente reaccionaba coma os ollos co papel das paredes do noso cuarto: a forza de velo xa non o ven.

Cousa increíble! Mesmo lle collera gusto ao traballo e non mentira como temía.

Cando algo que viña do exterior me obrigaba a pensar menos preguiceiramente en Marta pensaba sen amor, coa melancolía que se sente polo que tería podido ser. “Bah, dicíame, era demasiado bonito. Non se pode escoller a cama e durmir nela”.

Unha cousa que lle estrañaba ao meu pai era que a carta do xefe de estudos non chegase. Por este motivo, montoume a primeira escena porque cría que eu a escondera e que finxira despois anunciar gratuitamente a nova para así obter a súa indulxencia. En realidade, tal carta non existía. Eu considerábame expulsado do colexio pero enganábame e o meu pai non comprendía nada cando, ao principio das vacacións, recibimos unha carta do director.

Quería saber se estaba enfermo e se tiña que inscribirme para o ano seguinte.

A alegría de darlle por fin unha satisfacción ao meu pai compensaba un pouco o baleiro sentimental no que me encontraba, pois a pesar de que cría xa non amar a Marta, seguía considerándoa como o único amor que sería digno de min, é dicir, que aínda a amaba.

Estaba en tales disposicións de corazón cando, a fins de novembro, un mes despois de recibir unha invitación do seu casamento, encontrei, ao volver á casa, unha invitación de Marta que comezaba con estas liñas: “Non comprendo nada do seu silencio, por que non vén visitarme? Sen dúbida, esqueceuse de que escolleu vostede estes mobles?...”

Marta habitaba en J..., a rúa na que vivía baixaba ata o Marne. En cada beirarrúa había como moito unha ducia de chalés. Estrañábame que o seu fose tan grande. En realidade, Marta ocupaba só a parte de arriba e os propietarios e unha parella de anciáns compartían o baixo.

Cando cheguei para cear, xa era noite. Só unha ventá, a falta dunha presenza humana, revelaba a presenza do lume. Cando vin a ventá iluminada por chamas desiguais, coma vagas, crin que estaba iniciándose un incendio. A cancela do xardín estaba entreaberta. Estrañoume tal descoido. Busquei a campá pero non a encontrei. Á fin, subindo os tres banzos da escaleira do patio, decidinme a petar nos vidros do baixo da dereita, detrás dos cales oía voces. Unha muller vella abriu a porta e preguntelle onde vivía Mme Lacombe (que era o nome de Marta): “Arriba”. Subín a escaleira ás escuras, tropezando, dando golpes e morto de medo de que lle tivese pasado calquera desgraza. Chamei. Abriume Marta. Estiven a piques de abrazala, como fan as persoas que apenas se coñecen despois de escapar dun naufraxio. Ela non comprendería nada. Sen dúbida, víame co aspecto perdido, pois antes de nada, preguntelle por que “había lume”.

– É que mentres o esperaba prendín na cheminea do salón un lume de leña de oliveira para ler co seu resplandor.

Ao entrar no pequeno cuarto que lle servía de salón, escaso en mobles, e no que os tapices e as grosas alfombras suaves coma pelo de animal se encollían ata darlle o aspecto dunha caixa, sentinme feliz e desgraciado á vez coma un dramaturgo que, vendo a súa peza, descobre nela demasiado tarde os seus erros.

Marta de novo recostada ao longo da cheminea, atizaba as brasas tendo conta de non mesturar ningún anaco de negro coas cinzas.

– Ao mellor non lle gusta o cheiro da oliveira? Son os meus sogros que mandaron vir para min unha provisión da súa propiedade do sur de Francia.

Marta parecía escusarse de meter un detalle da súa colleita naquel cuarto que era obra miña. Quizais este elemento destruíse un conxunto que ela comprendía mal.

Pola contra, o lume encantábame, e tamén ver que ela esperaba coma min sentirse abrasada dun lado para virarse do outro. O seu rostro cheo de calma e serio nunca me parecera tan belo coma con aquela luz salvaxe. Sen expandirse polo cuarto, aquela luz gardaba toda a súa forza. Ao afastarnos dela, todo estaba escuro e tropezábamos cos mobles.

Marta ignoraba o que era ser rebelde e no seu entusiasmo permanecía seria.

A miña mente atordábase pouco a pouco ao seu lado, encontrábaa diferente. Entón estaba seguro de xa non querela cando, en realidade, comezaba a querela. Sentíame incapaz de facer cálculos, maquinacións, de todo iso que, ata entón e aínda nese mesmo momento, cría que era imprescindible para o amor. De súpeto, sentíame mellor. Aquel brusco cambio abriríalle os ollos a calquera pero eu non vin que estaba namorado de Marta. Pola contra, vin a proba de que o meu amor estaba morto, e que unha bonita amizade o substituiría. Esta longa perspectiva de amizade fíxome admitir de golpe o indecente que sería outro sentimento, ao lesionar un home que a amaba, ao que ela lle debía pertencer e que non podía vela. Había outra cousa que me debería amosar os meus verdadeiros sentimentos. Algúns meses atrás, cando vía a Marta, o meu pretendido amor non me impedía xulgala nin considerar feas a maior parte das cousas que a ela lle gustaban nin infantís a maior parte das cousas que ela dicía. Hoxe, se non pensaba coma ela, tiña a sensación de non ter razón. Tras a vulgaridade dos meus primeiros desexos, era a dozura dun sentimento máis profundo o que me enganaba. Xa non me sentía capaz de intentar nada do que me prometera. Comezaba a respectar a Marta porque comezaba a amala.

Volvín todas as noites; nin sequera pensaba en pedirlle que me mostrase o seu dormitorio e aínda menos en preguntarlle que lle parecían a Jacques os nosos mobles. Non desexaba outra cousa ca aquelas promesas eternas, os nosos corpos estendidos ao pé da cheminea, tocándose un ao outro, e eu, sen ousar moverme, por medo a que un só dos meus xestos abondase para espantar a felicidade.

Pero Marta, que sentía o mesmo encanto, cría ser a única a sentilo. Na miña feliz preguiza, lía indiferenza. Pensando que non a amaba, imaxinaba que me cansaría logo daquel salón silencioso se non facía nada por reterme.

Permaneciamos en silencio o que para min era unha proba de felicidade.

Sentíame tan cerca de Marta, coa certeza de que pensabamos ao mesmo tempo nas mesmas cousas que falarlle parecíame absurdo, coma falar en alto cando se está só. Este silencio agobiaba aquela criatura. O prudente tería sido servirme de medios de corresponder tan vulgares como a palabra ou o xesto aínda que lamentase que non existisen outros máis sutís.

Véndome todos os días afundirme cada vez máis naquel delicioso mutismo, Marta imaxinábase que me aburría cada vez máis e estaba disposta a todo por distraerme.

Gustáballe durmir, co pelo solto, ao lado do lume, ou mellor dito eu pensaba que durmía. Este sono era un pretexto para poñerme os brazos ao redor do colo, e unha vez esperta, cos ollos húmidos, dicirme que acababa de ter un soño triste. Nunca quería contarmo. Eu aproveitaba o seu falso sono para ulir o seu pelo, o seu colo, as súas meixelas que queimaban, só rozándoos para que non espertase; todas estas caricias que non son, como se cre, a miúda moeda do amor, senón pola contra, a máis rara e á que só a paixón pode recorrer. Eu cría que lle estaban permitidas á miña amizade. Non obstante, empezaba a desesperarme seriamente de que só o amor nos dea dereitos sobre unha muller pois eu podería prescindir do amor, pensaba, pero nunca do dereito sobre Marta. E para telo, estaba mesmo decidido ao amor, crendo lamentalo. Desexaba a Marta e non o comprendía.

Cando durmía así, coa cabeza apoiada contra un dos meus brazos, inclinábame sobre ela para ver o seu rostro rodeado de chamas. Era coma xogar co lume. Un día que me acheguei demais sen que, con todo, o meu rostro tocase o dela, fun coma a agulla que excede un milímetro a zona prohibida que lle pertence ao amante. É falta do amante ou da agulla? Foi así como sentín os meus labios contra os seus. Ela aínda permanecía cos ollos pechados, pero visiblemente esperta. Biqueina, abraiado da miña ousadía, cando en realidade era ela quen, cando me acheguei ao seu rostro, atraeu a miña cabeza contra a súa boca. As súas mans colléronse ao meu pescozo con tanta forza coma nun naufraxio. Non entendía se quería que a salvase ou que afogase con ela.

Despois, sentada e coa miña cabeza apoiada nas pernas, acariñando o meu pelo, repetíame moi docemente: “Tes que marchar e non debes volver nunca máis”. Non

ousaba tratála de ti; como non podía permanecer calado, buscaba lentamente as miñas palabras, construíndo frases de forma que non lle falase directamente, pois se non podía tratála de ti, sentía que aínda era máis imposible tratála de vostede. As miñas lágrimas queimábanme. Se caese unha sobre as mans de Marta, esperaría que dese un grito. Sentíame culpable de romper o encanto e acusábame de estar tolo por pousar os meus beizos nos dela, pois esquecía que fora ela quen me bicara. “Tes que marchar e non volver nunca máis”. As lágrimas de rabia mesturábanse coas de pena, do mesmo xeito que a furia do lobo atrapado lle fai tanto mal coma a trampa. Se falase sería para inxuriar a Marta. O meu silencio causoulle preocupación porque o interpretaba coma resignación. “Dado que é demasiado tarde, facíalle pensar na miña inxustiza quizais clarividente, despois de todo, prefiro que sufra”. Co lume tremía e batía os dentes. Á verdadeira pena que me saía da infancia, engadíanse sentimentos infantís. Era coma o espectador que se resiste a marchar porque non lle gusta o desenlace. Díxenlle: “Non vou marchar. Vostede burlouse de min. Non quero volver a vela”.

Se non quería volver á casa dos meus pais, tampouco quería volver ver a Marta. Antes sería capaz de botala da súa casa.

Ela saloucaba: “Es un neno. Non entendes que se che pido que marches é porque te amo”.

Odiosamente díxenlle que comprendía moi ben que tiña os seus deberes e que o seu marido estaba na guerra.

Sacudiu a cabeza: “Antes de coñecerte era feliz, cría que amaba o meu prometido. Perdoáballe que non me comprendese ben. Fuches ti quen me mostraches que non o amo. O meu deber non é o que ti pensas. Non é non mentirlle ao meu marido senón non mentirche a ti. Vaite e non me consideres mala; esquecerasme logo. Non quero causar a infelicidade da túa vida. Choro, porque son demasiado vella para ti”.

Tales palabras de amor eran sublimes polo seu carácter infantil. E fosen cales fosen as paixóns que experimentei despois, xa nunca máis volvíñ sentir a emoción adorable de ver unha moza de dezanove anos chorar porque se ve demasiado vella.

O sabor do primeiro bico decepcionárame coma o dunha froita que se proba por primeira vez. Non é na novidade senón no costume onde encontramos os máis grandes praceres. Algúns minutos despois, non só estaba habituado á boca de Marta, senón que non podía prescindir dela. E era entón cando ela me falaba de me privar da súa boca para sempre.

Aquela noite, Marta acompañoume ata a casa. Para sentirme máis cerca dela, anicábame debaixo do manto que levaba posto e collíaa polo talle. Xa non só non dicía que non podíamos volver a vernos, senón que estaba triste ante o pensamento de que nos íamos separar ao cabo duns instantes. Obrigábame a xurarlle mil loucuras.

Diante da casa dos meus pais, non quixen que Marta volvese soa e acompañeina ata a súa casa. Este xogo de nenos non ía acabar nunca porque ela quería acompañarme de novo. Aceptei coa condición de que me deixase na metade do camiño.

Cheguei media hora tarde para a cea. Era a primeira vez. Boteille a culpa ao tren e o meu pai aparentou crerme.

Nada máis me pesaba. Na rúa, camiñaba tan lixeiramente coma nos soños.

Ata este momento tivera que renunciar a todo o que cobizara de neno. Por outra parte, o recoñecemento estragaba os xoguetes ofrecidos. Que pretixio para un neno un xoguete que se ofrece por si mesmo! Estaba cego de paixón. Marta era miña; non o dicía eu, dicíao ela. Podía tocar o seu rostro, bicar os seus ollos, os seus brazos, vestila, maltratala ao meu gusto. No meu delirio, mordíalle onde levaba a pel descuberta para que a súa nai sospeitase que tiña un amante. Desexaba marcar as miñas iniciais sobre a súa pel. O meu salvaxismo de neno encontraba o vello sentido das tatuaxes. Marta dicía: “Si, mórdeme, márcame, quero que todo o mundo saiba”.

Desexaba bicala nos seos pero non ousaba pedirillo, convencido de que sabería ofrecermos ela mesma, como pasara cos labios. Ao cabo dalgúns días, xa acostumado a ter os seus labios, non albiscaba outra delicia.

Liamos xuntos á luz do lume. Ela frecuentemente tiraba no lume cartas que o seu marido lle enviaba, cada día, da fronte. Pola inquietude que amosaba nelas, adiviñábase que as de Marta se facían cada vez menos tenras e cada vez máis raras. Eu non podía ver arder as cartas sen malestar. Agrandaban durante un segundo o lume e, despois de todo, tiña medo de ver máis claro.

Marta, que frecuentemente me preguntaba se era certo que a amaba desde a primeira vez que nos viramos, queixábase porque non llo dixera antes do seu casamento. Decía que non se tería casado, pois se sentira por Jacques unha especie de amor ao inicio do seu noivado, ao alongarse este demasiado por culpa da guerra, o seu amor desaparecera pouco a pouco. Xa non amaba a Jacques cando casaran e esperaba que os quince días de permiso que lle concederan cambiasen os seus sentimentos.

El non actuou con habilidade. O que ama sempre irrita o que non ama e Jacques amábaa cada vez máis. As súas cartas eran as de alguén que sofre, pero que sitúa demasiado alto a súa Marta para considerala capaz de traizón. Por iso só se acusaba a si mesmo e suplicáballe que lle explicase que mal lle puidera facer el: “Síntome tan vulgar ao teu lado..., sinto que cada unha das miñas palabras che fere”. Marta só lle respondía que estaba equivocado, que ela non lle reprochaba nada.

Estabamos entón a principios de marzo. A primavera chegara cedo. Os días nos que non me acompañaba, Marta, só co alboroz, esperaba a que volvease das miñas clases de debuxo, tombada diante da cheminea onde ardía sempre a oliveira dos seus sogros. Pedíralles que lle renovasen a provisión. Non sei que timidez, se non é a que se sente ante algo que nunca se fixo, me retiña. Pensaba en Daphne. Neste caso era Cloe quen recibira algunhas leccións e Dafne non se atrevía a pedirle que llas aprendese. De feito, consideraba a Marta máis coma unha virxe, entregada a primeira quincena de vodas a un descoñecido e tomada varias veces pola forza.

Pola noite, só na cama, chamaba a Marta, odiándome, eu que me consideraba un home, por non selo o bastante para acabar de convertela na miña amante. Cada día, indo á súa casa, prometíame non marchar ata que o fose.

O día do aniversario dos meus dezaseis anos, no mes de marzo de 1918, suplicándome que non me enfadase, regaloume un alboroz parecido ao dela que quería que puxese na súa casa. Coa alegría, estiven a piques de facer un calembur, eu que non fago nunca. A miña roupa pretexto! Parecíame que o que ata o momento trabara os meus desexos, era o medo ridículo de sentirme vestido cando ela non o estaba. Primeiro,

pensei poñer o albornoz ese mesmo día, despois púxenme rubio ao comprender que o seu regalo contiña reproches.

Desde o principio da nosa relación, Marta entregárame unha chave da súa casa para que non tivese que esperala no xardín, se por casualidade fora á cidade. Tiña intención de servirme dun xeito menos inocente daquela chave. Estabamos a sábado. Despedínme de Marta e prometílle que volvería para xantar ao día seguinte con ela, pero estaba decidido a volver pola noite tan pronto como puidese.

Na cea, anunciéilles aos meus pais que iría facer con René unha longa ruta ao bosque de Senart. Tiña que marchar ás cinco da mañá. Como na casa todos estarían aínda durmindo, ninguén podería adiviñar a que hora marchara ou se durmira fóra da casa.

Tan pronto como lle contei este plan á miña nai, quixo prepararme ela mesma unha cesta chea de provisións para o camiño. Estaba aflixido, aquela cesta destruía todo o novelesco e sublime do meu acto. Eu, que saboreaba con antelación o pavor de Marta cando entrase no seu cuarto, pensaba agora nas súas gargalladas vendo aparecer o príncipe encantador cunha cesta de ir á compra no brazo. Díxenlle á miña nai que René levaría todo pero non me fixo caso e resistir máis era espertar sospeitas.

O que causa a desgraza duns causaría a felicidade doutros. Mentres a miña nai enchía a cesta que estragaba a miña primeira noite de amor, vía os ollos cheos de cobiza dos meus irmáns. Pensaba ofrecérllela ás agachadas pero sabía que, unha vez que acabasen de comer, co medo de que os castigasen e polo pracer de prexudicarme, contarían todo.

Tiña entón que resignarme, pois ningún escondedoiro me parecía bastante seguro.

Xurara non marchar antes de medianoite para estar seguro de que os meus pais durmisen. Intentei ler pero cando deron as dez na casa do concello, e como os meus pais xa se deitaran había algún tempo, non puider esperar. Eles vivían no primeiro piso, eu no baixo. Non puxen as botas para poder escalar o muro o máis silenciosamente posible. Levábaas entón nunha man e na outra a cesta, que era fráxil a causa das botellas, e abrín con coidado unha pequena porta de servizo. Chovía. Mellor! A chuvia cubriría o ruído. Vendo que a luz no cuarto dos meus pais aínda non estaba apagada, estiven a piques de ir deitarme outra vez pero xa estaba en marcha. A precaución das botas era imposible e tiveron que poñelas por culpa da chuvia. A continuación, tiña que escalar o muro para que non soase a campá da reixa. Achegueime ao muro, contra o que tomara a precaución de poñer, despois de cear, unha cadeira do xardín para facilitar a miña evasión. Na parte superior do muro había un teitume que esvaraba coa chuvia. Cando me colguei nel, caeu

unha das tellas. A miña angustia dobrou o ruído da caída: tiña que saltar á rúa. Levaba a cesta nos dentes, caín nun charco. Durante un longo minuto, permanecín de pé, cos ollos cara á ventá dos meus pais, para ver se se movían, se oíran algo. A ventá permaneceu baleira. Estaba a salvo!

Para ir á casa de Marta seguín o Marne. Contaba esconder a cesta detrás dunha sebe e collela ao día seguinte o que se convertera nun acto perigoso a causa da guerra. En efecto, no único sitio no que había sebes e onde era imposible esconder a cesta, estaba un sentinela, gardando a ponte de J... Dubidei durante tempo, máis pálido ca un home que pon un cartucho de dinamita. Mesmo así escondín as miñas vitualas.

A cancela da casa de Marta estaba pechada. Collín a chave que deixabamos sempre na caixa do correo, atravesei o pequeno xardín na punta dos pés e subín os chanzos do patio. Saquei de novo as botas antes de subir a escaleira.

Marta era tan nerviosa! Quizais se esvaeceuse ao verme no seu cuarto. Tremía; non encontraba o burato da pechadura. Por fin, xirei a chave lentamente, para non espertar a ninguén. Tropecei na antecámara contra o paraugueiro. Tiña medo de confundir as campás cos conmutadores. Fun ás apalpadelas ata o cuarto. Parei, de novo, con ganas de fuxir. Quizais Marta non me perdoase nunca ou ben fose descubrir de súpeto que me enganaba con outro home.

Abrín e murmurei:

– Marta?

Ela respondeu:

– En vez de darme este susto podías esperar ata mañá pola mañá para vir. Déronche o permiso oito días antes, entón?

Pensaba que era Jacques!

Se por unha parte vía como o recibiría, por outra acababa sabendo que me ocultaba algo. Jacques viría en oito días!

Prendín a luz. Ela seguía virada cara á parede. Era doado dicirlle: “Son eu”, e non obstante, non o facía. Biqueina no colo.

– Estás todo mollado. Sécate.

Entón virouse e deu un grito.

En cuestión de segundos cambiou de actitude e sen molestarse en explicarse a miña presenza nocturna dixo:

– Pero, meu pobre, vaste pór enfermo! Íspete logo.

Correu reavivar o lume do salón. Cando volveu ao cuarto, como non me movía, dixo:

– Queres que che axude?

Eu, que temía por riba de todo o momento no que me debería espir e que vía o ridículo do momento, bendicía a chuvia grazas á cal espirme tomaba un sentido maternal. Pero Marta ía, viña, volvía a ir á cociña, para ver se a auga do meu ponche estaba quente. Á fin encontróme espido na cama, medio tapado co edredón. Rifóume porque era unha loucura quedar espido; tiña que darme unhas fregas con auga de colonia.

Deseguido, abriu un armario e quitou unha bata. “Debía ser do meu talle”. Unha bata de Jacques! Pensei na chegada, moi posible, daquel soldado xa que Marta así o crera.

Estaba na cama. Marta veu tamén. Pedílle que apagase a luz porque mesmo estando nos seus brazos, desconfiaba da miña timidez e as tebras daríanme coraxe. Marta respondeume docemente:

– Non, quero verte durmir.

Ante estas palabras cheas de graza, sentín certa molestia. Vía nelas a entenecedora dozura daquela muller que arriscaba todo por converterse na miña amante e, non podendo adiviñar a miña enfermiza timidez, admitía que adormecese ao seu lado. Desde había catro meses dicíalle que a amaba pero non lle daba a proba na que os homes son tan pródigos e que frecuentemente toman por amor. Apaguei a luz á forza.

Sentín a mesma confusión duns momentos antes, antes de entrar na casa de Marta. Pero como pasara coa espera diante da porta, a espera ante o amor non podía ser moi longa. Polo resto, a miña imaxinación esperaba praceres tales que xa non chegaba a concibilos. Por primeira vez tamén, temín parecerme ao marido e deixarlle a Marta un mal recordo dos nosos primeiros momentos de amor.

Ela gozou máis ca min, pero o minuto no que nos desatamos e os seus ollos admirables, ben valían a miña incomodidade.

Tiña o rostro transformado. Estrañábame incluso non poder tocar a auréola que rodeaba o seu rostro coma nos cadros relixiosos.

Aliviados os meus temores, víñanme outros.

E é que, comprendendo por fin o poder dos xestos que a miña timidez non ousara ata entón, tiven medo de que Marta lle pertencese ao seu marido máis do que ela pretendía.

Como me é imposible comprender o que proba por primeira vez, debía coñecer aqueles gozos de amor cada día un pouco máis.

E mentres esperaba, o falso pracer traíame unha verdadeira dor de home: os celos.

Detestaba a Marta porque comprendía, ante o seu rostro cheo de agradecemento, todo o valor dos lazos da carne. Maldicía o home que espertara o seu corpo antes ca min. Pensaba na miña estupidez de ter visto en Marta unha virxe. En calquera outra época, desexar a morte do seu marido, sería unha quimera infantil, pero este desexo volvíase case tan criminal coma se o tivese matado. Debíalle á guerra a miña nacente felicidade e esperaba a súa apoteose. Esperaba que se puxese ao servizo do meu odio como un anónimo comete o crime no canto doutro.

Acabamos chorando xuntos; é o defecto da felicidade. Marta reprochoume non impedir o seu matrimonio. “ Pero, entón, estaría eu naquela cama escollida por min? Viviría cos seus pais e non poderíamos vernos. Non lle pertencería a Jacques pero tampouco a min. Sen el, e sen poder comparar, quizais se arrepentiría, ao esperar algo mellor. Eu non odiaba a Jacques senón a certeza de deberlle todo a aquel home que enganabamos, pero amaba demasiado a Marta para encontrar a nosa felicidade pecaminosa”.

Choramos xuntos por ser só nenos que non dispoñían de case nada. Secuestrar a Marta! Como ela non lle pertencía a ninguén máis ca a min, sería secuestrar a min mesmo, pois separaríanos. Albiscabamos xa a fin da guerra que suporía a fin do noso amor. Sabíámolo, por moito que Marta me xurase que deixaría todo e que me seguiría, o meu carácter non ten inclinación á revolta e, poñéndome no sitio de Marta, non imaxinaba esta louca ruptura. Marta explicoume por que se sentía demasiado vella. En quince anos a vida non faría senón comezar para min, amaríanme mulleres, que terían a súa idade. “Eu só faría sufrir, engadiu. Se me abandonas, morrerei. Se quedas, será por debilidade e sufrerei por verte sacrificar a túa felicidade.”

A pesar da miña indignación, detestábame por non parecer bastante seguro do contrario. Pero como Marta só buscaba convencerse, as miñas peores razóns parecíanlle boas. Respondía: “Si, non pensei niso. Sei que non me mentes”. Eu, ante os temores de Marta, sentía a miña confianza menos sólida e entón o meu consolo era pouco firme. Díciulle: “Non, non, estás tola”. Ai, eu era demasiado sensible á xuventude para non intuír que me afastaría de Marta o día no que a súa xuventude se murchase e que a miña chegase ao culme.

Aínda que me parecese que o meu amor conseguira a súa forma definitiva, estaba no estado de esbozo e enfeblecía ante o menor obstáculo.

As loucuras que esa noite cometeron as nosas almas fatigáronnos máis ca as da carne. Unhas parecían repousarnos das outras; en realidade acababan con nós. Os galos, moi numerosos, cantaban. Cantaran durante toda a noite. Decateime da mentira poética: os galos cantan á saída do sol. Isto non era extraordinario. A miña idade ignoraba o insomnio pero Marta deuse tamén conta, con tanta sorpresa, que tiña que ser a primeira vez. Non podía comprender por que a abrazaba con tanta forza, pois a sorpresa probábame que aínda non pasara unha noite branca con Jacques.

Os meus transos facían que tomase o noso por un amor excepcional. Criamos ser os primeiros en sentir certas turbacións, ao non saber que o amor é coma a poesía, e que todos os amantes, incluso os máis mediocres, se imaxinan que innovan. Eu dicíalle a Marta, sen crelo demasiado pero para que pensase que compartía as súas inquedanzas: “Abandonarame, gustaranche outros homes”, ela afirmaba estar segura dela. Eu, pola miña parte, convencíame pouco a pouco de que seguiría con ela mesmo cando xa non fose tan nova, porque a miña preguiza acababa por facer depender a nosa eterna felicidade da súa enerxía.

O sono sorprendéranos nus. Cando espertei, ao vela destapada, tiven medo de que collese frío. Tentei o seu corpo e ardía. Vela durmir provocábame unha voluptuosidade sen igual. Ao cabo de dez minutos, aquela voluptuosidade pareceume insoportable. Biquei a Marta nos ombros. Non espertou. Un segundo bico, menos casto, actuou coa violencia dun espertador. Asustouse e, fregando os ollos, cubriume de bicos, coma se encontrase unha persoa amada na cama despois de soñar que estaba morta. Ela crera soñar o que era certo e encontrábame ao espertar.

Xa eran as once. Estabamos tomando o chocolate, cando oímos a campá. Pensei en Jacques: “Quizais teña unha arma”. Eu, que tiña tanto medo da morte, estaba tranquilo. Aceptaría que fose Jacques a condición de que nos matase. Calquera outra solución me parecía ridícula.

Afrontar a morte con calma non ten valor se non o facemos a soas. A morte a dous xa non é morte, mesmo para os incrédulos. O que dá pena non é deixar a vida senón deixar o que lle dá sentido. Cando un amor é toda a nosa vida, que diferenza hai entre vivir xuntos ou morrer xuntos?

Non tiven tempo de me considerar un heroe, pois pensando que quizais Jacques só mataría a Marta, ou a min, medía o meu egoísmo. Sabía cal era o peor destes dous dramas?

Como Marta non se movía, crin que me equivocara e que chamaran á porta dos propietarios, pero chamaron de novo.

– Cala, non te movas, murmurou, debe ser a miña nai. Esquecérame completamente de que pasaría despois da misa.

Sentíame feliz de ser testemuña dun dos seus sacrificios. Cando unha amante ou un amigo chegan algúns minutos tarde a unha cita, imaxínoos mortos. Atribuíndolle esta mesma angustia á súa nai, saboreaba o seu temor e alegrábame de que o experimentase por culpa miña.

Oímos como se pechaba de novo a cancela do xardín despois dun conciliábulo (evidentemente, Mme Grangier preguntara no baixo se viran pola mañá a súa filla). Marta mirou por detrás das contras e díxome: “Era ela”. Non puideren resistir o pracer de ver, eu tamén, a Mme Grangier marchando co seu misal na man, inqueda pola ausencia incomprensible da súa filla. Virouse aínda unha última vez cara ás contras pechadas.

Agora que non me quedaba nada por desexar, sentía que me volvería inxusto. Finxía que me molestaba que Marta puidese mentirlle sen escrúpulos á súa nai e a miña mala fe reprocháballe que puidese mentir. Non obstante, o amor, que é o egoísmo a dous sacrifica todo e vive de mentiras. Impulsado polo mesmo demo, reprocheille tamén que me ocultase a chegada do seu marido. Ata entón domara o meu despotismo ao non me sentir con dereito de reinar sobre Marta. A miña dureza tiña treguas. Queixábame: “En pouco tempo detestarasme. Son coma o teu marido, igual de brutal. – El non é brutal”, dicía ela. Eu insistía: “Entón engánasnos a ambos, dime que o amas, podes estar contenta: en oito días poderás enganarme con el.”

Ela mordía os beizos e choraba: “Que fixen para que sexas tan malo? Suplícocho, non estragues o noso primeiro día de felicidade.”

– Tes que amarme ben pouco para que hoxe sexa o teu primeiro día de felicidade.

Este tipo de golpes feren a quen os dá. Non sentía nada do que dicía e, non obstante, tiña a necesidade de dicilo. Érame imposible dicirlle a Marta que o meu amor aumentaba. Sen dúbida alcanzaba a idade ingrata e aquela malicia feroz era o cambio do amor que se convertía en paixón. Eu sufría. Suplíqueille a Marta que esquecese os meus ataques.

A criada dos propietarios metía as cartas por debaixo da porta e Marta collíaas. Un día había dúas de Jacques. Como resposta ás miñas dúbidas Marta dixo: “Fai delas o que che pareza”. Sentín vergonza e pedínlle que as lese pero que as gardase para ela. Marta, por un deses reflexos que nos impulsan ás peores bravatas, rompeu un dos sobres, difícil de romper porque a carta debía ser longa. A súa expresión converteuse nunha nova ocasión de reproches. Detestei aquela bravata e os remorsos que non deixaría de sentir. Fixen, a pesar de todo, un esforzo e, como non quería que rompese a segunda carta, pensei para min que despois do que acababa de facer era imposible que Marta non fose mala. Ante a miña petición, leuna. Un reflexo podía facerlle romper a primeira carta pero non facerlle dicir, despois de percorrer a segunda: “O Ceo recompénsanos por non romper esta carta. Jacques anúnciame que os permisos acaban de ser suspendidos no seu sector e que non virá antes dun mes.”

Só o amor escusa tales faltas de gusto.

Aquel marido comezaba a amolarme máis ca se estivese presente e houbera que ter coidado. Unha carta súa tomaba de súpeto a importancia dun espectro. Xantamos tarde. Cara ás cinco, fomos pasear á beira do río. Marta quedou estupefacta cando de detrás dunha sebe saquei unha cesta á vista do sentinela. A historia da cesta fíxolle rir moito. Eu xa non temía o ridículo. Camiñamos sen darnos conta da indecencia do noso comportamento, cos corpos pegados un ao outro. Iamos collidos da man. Aquel primeiro domingo de sol fixera saír os paseantes con chapeu de palla como a chuvia os champiñóns. As persoas que coñecían a Marta non se atrevían a dicirlle bos días, pero ela, sen darse conta de nada, saudábaas sen malicia. Debían ver en nós unha fanfurriñada. Preguntoume como escapara da casa. Riu e despois o seu rostro púxose triste; agradeceume, apertándome os dedos con toda a forza, que correse tantos riscos. Volvemos pasar pola súa casa para deixar alí a cesta. A dicir verdade, vin para a cesta un fin digno daquelas aventuras como envío aos exércitos. Pero esta fin era tan chocante que a gardei para min.

Marta quería seguir o Marne ata La Varenne. Ceamos en fronte da illa do Amor. Prometín que lle amosaría o museo do Escudo de Francia, o primeiro museo que vira sendo neno e que me enfeitizara. Faláballe del a Marta coma se fose algo moi interesante pero cando constatamos que aquel museo era unha farsa, non quixen admitir que me enganara ata tal punto. Os cinceis de Fulbert, todo, eu crera todo. Díxenlle que lle gastara unha broma inocente. Ela non comprendía pois eu tiña pouco costume de bromear. A dicir verdade, aquel desengano púxome melancólico e dicíame: “Quizais eu

que hoxe creo totalmente no amor de Marta, verei que é un engano coma o museo do Escudo de Francia”.

Dubidaba frecuentemente do seu amor. Algunhas veces preguntábame se non sería para ela un pasatempos, un capricho do que podería desfacerse dun día para outro, unha vez que a paz lle esixise os seus deberes. Non obstante, dicíame, hai momentos nos que unha boca, uns ollos non poden mentir. Certo. Pero unha vez ebrios, os homes xenerosos toman a mal que non se acepte o seu reloxo ou a súa carteira e neste estado, son tan sinceros coma cando se encontran sobrios. Os momentos nos que non se pode mentir son precisamente aqueles nos que máis se mente, sobre todo a un mesmo. Crer o que di unha muller “no momento no que non pode mentir” é crer na falsa xenerosidade dun avaro.

A miña clarividencia non era máis ca unha forma perigosa de inxenuidade. Considerábame menos inxenuo pero érao doutra forma, pois ningunha idade escapa á inxenuidade. A vellez tampouco.

Esta presunta clarividencia escurecía todo e facíame dubidar de Marta. Mellor dito, dubidaba de min mesmo e non me encontraba digno dela. Aínda que tivese mil probas máis do seu amor, non sería menos desgraciado.

Coñecía moi ben o tesouro do que nunca se lle expresa a quen se ama, por temor de parecer pueril, para non temer que Marta tamén tivese este pudor lamentable, e sufría por non poder penetrar a súa mente.

Volvín á casa ás nove e media da noite. Os meus pais fixéronme preguntas sobre o meu paseo. Describinlles con entusiasmo o bosque de Senart e os seus feitos dúas veces máis altos ca min. Faleilles tamén de Brunoy, encantadora aldea na que comeramos. De súpeto, a miña nai, burlándose, interrompeume:

– A propósito, René veu esta tarde ás catro e quedou moi estrañado ao oír que estaba facendo unha ruta contigo.

Púxenme vermello de despeito. Esta aventura, e moitas outras, ensináronme que, a pesar de certas disposicións, non estaba feito para a mentira. Sempre me collen. Os meus pais non dixeran nada máis. Conseguiran o modesto triunfo.

Meu pai, ademais, era inconscientemente cómplice do meu primeiro amor. Animábao, encantado de que a miña precocidade se afirmase dunha ou doutra forma. Sempre tivera medo de que caese nas mans dunha mala muller. Estaba contento ao saber que me amaba unha brava rapaza. Só se irritaría o día que tivo a proba de que Marta quería o divorcio.

A miña nai non vía a nosa unión de tan bo ollo. Estaba celosa e miraba a Marta con ollos de rival. Encontrábaa antipática, sen darse conta de que toda muller que eu amase lle resultaría así. Por outra parte, preocupábase máis ca o meu pai do que dirán. Estrañábase de que Marta puidese comprometerse cun rapaz da miña idade. Á parte, fora criada en F... En todas esas pequenas vilas dos arredores, desde o momento en que se afastan das aforas obreiras, castigan duramente as mesmas paixóns, a mesma sede de contos ca en provincia. Pero, ademais, a veciñanza de París fai os contos e as suposicións máis desvengonzadas. Cada un debe ter o seu rango. E así, por ter unha amante cuxo marido era soldado, vin os meus compañeiros, pouco a pouco e coa cominación dos seus pais, afastarse de min. Desapareceron por orde xerárquica, desde o fillo do notario ata o do noso xardineiro. A miña nai estaba afectada por estas medidas que a min me parecían unha homenaxe. Víame perdido por unha tola. Criticáballe por suposto ao meu pai que primeiro ma presentase e despois que pechase os ollos. Pero como pensaba que era meu pai quen tiña que reaccionar e el calaba, ela permanecía en silencio.

Pasaba todas as noites con Marta. Chegaba ás dez e media e marchaba pola mañá ás cinco ou ás seis. Xa non saltaba por enriba dos muros. Gustábame abrir a porta coa miña chave aínda que esta franqueza esixise certos coidados. Para que a campá non dese a alarma, envolvía pola noite o badalo con guata e sacáballe ao día seguinte ao volver.

Na casa, ninguén sospeitaba as miñas ausencias o que non era o mesmo en J... Desde había xa algún tempo, os propietarios e o vello matrimonio víanme de mal ollo e case non respondían aos meus saúdos.

Pola mañá, ás cinco, para facer o menos ruído posible, baixaba cos zapatos na man e calzábame embaixo. Unha mañá, cruceime na escaleira co leiteiro, el coas botellas de leite na man, eu cos zapatos. Deume os bos días cun sorriso malicioso. Marta estaba perdida pois el ía contalo en todo J... O que máis me torturaba era o meu ridículo. Podía comprar o silencio dun leiteiro pero non o fixen por non saber como.

Pola tarde non me atrevín a dicirlle nada a Marta. Ademais, aquel episodio era inútil para que Marta se vise comprometida. Era cousa feita había tempo. O rumor atribuíama como amante mesmo ben antes de selo. Aínda non nos deramos de conta e íamos ver claro en pouco tempo. Un día encontrei a Marta desanimada: o propietario acababa de dicirlle que desde había catro días axexaba a miña saída á alba. Ao principio negárase a crelo pero xa non lle quedaba ningunha dúbida. O vello matrimonio que tiña o cuarto debaixo do de Marta queixábase do ruído que facíamos noite e día. Marta estaba aterrada e quería marchar. Non se trataba de pórle un pouco de prudencia ás nosas citas. Sentiámonos incapaces e era demasiado tarde. Entón Marta comezou a comprender moitas cousas que lle sorprendieran. A única amiga que ela quería realmente, unha rapaza sueca, non contestaba as súas cartas. Souben que o correspondente daquela rapaza, despois de vernos un día no tren, aconselláralle non volver a ver a Marta.

Fíxenlle prometer a Marta que se estouraba un drama, fose cal fose, cos seus pais ou co seu marido, se mostraría firme. As ameazas do propietario, algúns rumores, facíanme temer, e esperar á vez, unha discusión entre Marta e Jacques.

Marta suplicárame que fose vela frecuentemente, durante o permiso de Jacques, a quen xa lle falara de min. Eu negueime, temendo desempeñar mal o meu papel e ver a Marta cun home ávido ao seu lado. O permiso sería de once días pero talvez puidese argallar algo e encontrase a forma de quedar dous días máis. Fíxenlle xurar a Marta que me escribiría cada día. Esperei tres días antes de ir a correos, para estar seguro de

encontrar unha carta. Tiña xa catro. Non puideron collelas porque me faltaba un dos documentos de identidade necesarios. Tiña medo porque falsificara a miña partida de nacemento, pois só se podía utilizar o servizo de correos a partir dos dezoito anos. Insistín no portelo con ganas de tirarlle terra nos ollos á señorita de correos e apoderarme das cartas que tiña pero que non quería darme. Finalmente e a falta doutra solución mellor, como me coñecían, conseguín, que mas enviasen ao día seguinte á casa dos meus pais.

Decididamente, aínda me quedaba moito por facer para ser un home. Ao abrir a primeira carta de Marta, pregunteime como executaríala a proeza de escribir unha carta de amor. Esquecíame de que ningún xénero epistolar é máis fácil: só fai falta amor. As cartas de Marta parecíanme admirables e dignas das máis belas que lera. Non obstante, Marta dicíame cousas ben ordinarias e falaba do suplicio de vivir lonxe de min.

Estrañábame de que os meus celos non fosen máis mordaces. Empezaba a considerar a Jacques coma “o marido”. Pouco a pouco, esquecínme da súa xuventude e vía coma un vello aburrido.

Eu non lle escribía a Marta; de todos os xeitos era demasiado arriscado. No fondo, sentíame feliz de non poder escribirlle porque sentía, como ante toda novidade, o temor vago de non ser capaz e de que as miñas cartas lle chocasen ou lle parecesen infantís.

A miña negligencia fixo que ao cabo de dous días unha carta de Marta, que deixara tirada sobre a mesa de traballo, desaparecese. O descubrimento daquela carta botaba a perder os meus plans porque aproveitara o permiso de Jacques, as miñas longas horas de presenza para que na casa cresen que me estaba apartando de Marta, pois se nun principio me mostrara fachendoso para que os meus pais soubesen que tiña unha amante, comezaba a desexar que tivesen menos probas. E velaí que o meu pai acabou sabendo a verdadeira causa do meu bo comportamento.

Aproveitaba o tempo libre para acudir de novo á academia de deseño pois, desde había tempo deseñaba os meus espidos segundo Marta. Non sei se o meu pai chegaba a adiviñalo, polo menos estrañábase maliciosamente e dunha maneira que me ruborizaba da monotonía dos modelos. Volvía entón á Grande-Chaumière, traballaba moito, coa intención de reunir unha provisión de estudos para o resto do ano, provisión que renovaríase na próxima visita do marido.

Volvín ver a René, expulsado de Henri-IV. Ía a Louis-le-Grand e eu ía buscalo alí todas as tardes, despois da Grande-Chaumière. Viámonos ás agachadas porque desde que o expulsaran de Henri-IV e, sobre todo desde que eu estaba con Marta, os seus pais, que antes me consideraban coma un bo exemplo, prohibíranlle a miña compañía.

René, a quen o amor, no amor, lle parecía unha equipaxe sobrecargada, mofábase da miña paixón por Marta. Como non podía soportar estas burlas, díxenlle covardemente que non sentía verdadeiro amor. A súa admiración por min que, nos últimos tempos diminuíra, aumentou acto seguido.

Empecei a adormecer no amor de Marta. O que máis me atormentaba era o xaxún inflixido aos meus sentidos. O meu nerviosismo era o do pianista sen piano, o dun fumador sen cigarros.

René, que se burlaba do meu corazón, estaba, non obstante, namorado dunha muller que el cría amar sen amor. Aquela moza graciosa, unha española loura, desarticulábase tan ben que debía saír dun circo. René, que finxía desenvoltura, estaba moi celoso e suplicoume, medio rindo, medio palidecendo, que lle fixese un raro favor. Este favor, para quen coñece o compañeiro, era a idea tipo dun colexial: desexaba saber se aquela muller sería capaz de enganalo e quería que eu a seducise para sabelo.

Este favor incomodábame. A miña timidez volvía a dominarme pero por nada do mundo quería parecer tímido e, ademais, aquela dama logo me quitou do apuro. Seducíume tan rápido que a timidez, que impide certas cousas e obriga a outras, me impediu respectar a René e a Marta. Esperaba polo menos gozar pero estaba, coma o fumador, habituado a unha soa marca. Só me quedaron entón os remorsos de enganar a René a quen lle xurei que a súa amante refusaba toda sedución.

Tocante a Marta non sentín ningún remorso. Obrigábame a sentir remorsos pero por máis que me dicía que nunca lle perdoaría se me enganase, non conseguín nada. “Non é o mesmo”, dábame como escusa coa notable banalidade que o egoísmo achega nesas respostas. Do mesmo xeito, admitía facilmente non escribirlle a Marta pero se ela non me escribise, deduciría que non me amaba. Non obstante, esta lixeira infidelidade reforzou o meu amor.

Jacques non comprendía nada da actitude da súa muller. Marta, que era máis ben falangueira, non lle dirixía a palabra. Se el lle preguntaba “Que tes?” respondía “Nada”.

Mme Grangier discutiu varias veces co pobre Jacques, acusábo de ser torpe coa súa filla e arrepeníase de terlla entregado. Botáballe a culpa á torpeza de Jacques do brusco cambio no carácter da súa filla. Quería que volvесе á súa casa e Jacques aceptou. Algúns días despois de chegar, acompañou a Marta á casa da nai quen, satisfacendo todos os seus caprichos, alentaba sen sabelo o seu amor por min. Marta nacera naquela casa. Cada cousa, dicíalle ela a Jacques, lle recordaba o tempo feliz no que vivira alí. Desexaba durmir no seu cuarto de solteira. Jacques quería que polo menos lle puxesen no mesmo cuarto unha cama para el o que provocou unha crise nerviosa. Marta negábase a manchar aquel cuarto virxinal.

M. Grangier vía absurdo este pudor e Mme Grangier aproveitábo para dicirlles ao seu marido e ao seu xenro que non comprendían nada da delicadeza feminina. Sentíase orgullosa de que a alma da súa filla lle pertencese tan pouco a Jacques e consideraba mérito propio todo o que Marta lle negaba ao seu marido, vendo como algo sublime aqueles escrúpulos. Sublimes eran, pero por min.

Os días nos que Marta dicía que estaba peor, esixía saír. Jacques sabía ben que non era polo pracer de acompañalo. Ela, ao non poder confiarlle a ninguén as cartas dirixidas a min, levábaas persoalmente a correos.

Eu estaba aínda máis contento co meu silencio porque, se puidese escribirlle, como resposta ao relato de torturas que inflixía, interviría en favor da vítima. En certos momentos, horrorizábame do mal do que era responsable, outros dicíame que Marta nunca castigaría o suficiente a Jacques do crime de tela tomado virxe. Pero como nada nos fai menos “sentimentais” ca a paixón, estaba, despois de todo, encantado de non poder escribir e que así Marta continuase a desesperar a Jacques.

El volveu marchar sen ánimo.

Todos lle botaron a culpa da crise á soidade exasperante na que Marta vivía, pois os pais e o marido eran os únicos a ignorar a nosa relación, dado que os propietarios non ousaban dicirlle nada a Jacques por respecto polo uniforme. Mme Grangier estaba feliz de volver a ver a súa filla e de que vivise coma antes de estar

casada. Por isto os Grangier non saían do asombro cando Marta, o día despois de que Jacques marchase, anunciou que volvía a J...

Vina xa ese mesmo día. Ao principio rifeille suavemente por ser tan mala pero cando lin a primeira carta de Jacques, sentín pánico. Dicía que, se xa non tiña o amor de Marta, lle resultaría moi fácil matarse.

Eu non chegaba a distinguir a “chantaxe”. Sentínme responsable dunha morte, esquecendo que a desexara. Fíxenme aínda máis incomprendible e inxusto. Vísenos cara a onde vísenos abría unha ferida. Por máis que Marta me repetise que era menos inhumano non alimentar a esperanza de Jacques, obrigábaa a responderlle con dozura. Era eu quen lle ditaba á súa muller as únicas palabras tenras que recibía. Ela escribíaas montando en cólera, chorando, pero eu ameazábaa con non volver se non obedecía. Que Jacques me debese as únicas palabras amables atenuaba os meus remorsos.

Decateime do superficial que era o seu desexo de suicidio ante a esperanza que desbordaba nas cartas que respondían ás *nosas*.

Eu admiraba a miña actitude ante o pobre Jacques, aínda que actuaba por egoísmo e polo temor de levar un crime sobre a conciencia.

Despois do drama veu un período feliz. Un sentimento de provisional, debido á miña idade e á miña natureza apática, subsistía en todo. Non tiña vontade para nada, nin para evitar a Marta que quizais me esquecería e volvería a cumprir co deber, nin para empuxar a Jacques á morte. A nosa unión estaba entón á mercé da paz e do regreso definitivo das tropas. Se el botaba a súa muller quedaba para min, se quedaba con ela, sentíame incapaz de quitarlla pola forza. A nosa felicidade era coma un castelo de area pero como neste caso a marea non era a unha hora fixa, esperaba que subise o máis tarde posible.

Agora era Jacques, encantado, quen defendía a Marta contra a súa nai, desgustada porque volveuse a J... Este regreso, unido á acritude, espertara en Mme Grangier algunha sospeita. Outra cousa que lle parecía sospeitosa era que Marta se negase a ter criadas, con grande escándalo da súa familia e, aínda máis, da familia política. Pero que podían facer os pais e os sogros contra Jacques aliado con nós, grazas ás razóns que eu lle daba por medio de Marta?

Foi entón cando J... abriu o lume sobre ela.

Os propietarios finxían non falarlle xa. Ninguén a saudaba. Só os provedores estaban profesionalmente obrigados a menos altiveza. Por iso, Marta, sentindo ás veces a necesidade de intercambiar unhas palabras con alguén, se enredaba nas tendas. Cando eu estaba na súa casa e se ausentaba para ir comprar leite e pasteis e, ao cabo de cinco minutos non estaba de volta, imaxinábaa debaixo dun tranvía e corría a toda velocidade ata a leitería ou pastelería. Encontrábaa alí falando cos tendeiros. Louco por deixarme dominar por tal angustia, ao saír, poñíame furioso. Acusábaa de ter gustos vulgares e de gozar coa conversa dos provedores. Estes detestábanme por interromper as súas conversas.

A etiqueta da corte é bastante simple, como todo o que é nobre, pero nada iguala en enigmas o protocolo da xente humilde. A súa loucura de precedencias baséase, en principio, na idade. Nada lle choca máis ca a reverencia dunha vella duquesa ante un príncipe novo. Pode intuírse o odio do pasteiro ou da manteigueira ante un rapaz que interrompe a súa conversa familiar con Marta. A ela encontraríanlle mil excusas, agradecidos polas súas parolas.

Os propietarios tiñan un fillo de vinte e dous anos. Cando veu de permiso Marta invitouno a tomar o té.

Pola noite, oímos gritos: prohibíanlle que volveuse a ver a inquilina. Acostumado a que o meu pai nunca vetase ningún dos meus actos, nada me estraña tanto coma a obediencia daquel bobo.

Ao día seguinte, cando atravesabamos o xardín, el estaba cavando. Sen dúbida era un castigo. Un pouco molesto, a pesar de todo, xirou a cabeza para non ter que dicir bos días.

Estas escaramuzas aflixían a Marta que era o bastante intelixente e estaba o bastante namorada coma para darse conta de que a felicidade non reside na consideración dos veciños, era coma os poetas que saben que a verdadeira poesía é cousa “maldita” pero que, a pesar da súa certeza, sofren ás veces por non obter os sufraxios que desprezan.

Os conselleiros municipais xogaron sempre un papel nas miñas aventuras. M. Marin que vivía debaixo de Marta, vello de barba gris e de estatura nobre, era un vello conselleiro municipal de J... Retirárase antes da guerra e gustáballe servir a súa patria, cando se lle presentaba a ocasión. Conformábase con criticar a política comunal e vivía coa súa muller, sen recibir nin facer visitas a non ser ao achegarse o ano novo.

Desde había algúns días, víase moito movemento no baixo, moi distinto ao que escoitabamos habitualmente desde o cuarto. Viña xente limpar o chan. A criada, coa axuda do propietario, lustraba a prata no xardín, sacáballe o verde aos colgadoiros de cobre. Soubemos por medio da leiteira que se preparaba unha reunión sorpresa na casa dos Marin, baixo un misterioso pretexto. Mme Marin fora invitar o alcalde e suplicáralle que lle concedese oito litros de leite. Autorizaríalle tamén á vendedora que fixese crema?

Concedidos os permisos e chegado o día (un venres), unha quincena de personalidades apareceron á hora acordada coas súas mulleres, cada unha fundadora dunha sociedade de lactancia materna ou de socorro aos feridos, da que era a presidenta e as outras, socias. A dona da casa, por facer estilo, recibía na porta. Aproveitara a atracción do misterio para transformar a súa reunión nun pícnic. Todas aquelas damas predicaban a economía e inventaban receitas. Así, os seus doces eran pasteis sen fariña, cremas de lique, etc. Cada nova que chegaba dicíalle a Mme Marin: “Non ten bo aspecto pero penso que estará bo a pesar de todo”.

Pola súa parte, M. Marin aproveitaba aquela reunión para preparar a “volta á política”.

A sorpresa eramos Marta e eu. Sóubeno grazas á caritativa indiscreción dun dos meus compañeiros do ferrocarril, fillo dun daqueles notables. É fácil imaxinarse o meu estupor cando souben que os Marin se distraían reuníndose debaixo do noso cuarto cara á tardiña para sorprender as nosas caricias.

Sen dúbida gustáralles e querían publicar os seus gustos. Ben entendido, os Marin, xente respectable, tomaban aquela inmoralidade coma moral. Querían compartir a súa revolta con toda a xente da comuna que era como se debe ser.

Os invitados estaban xa no seu posto. Mme Marin sabía que eu estaba na casa de Marta e colocara a mesa debaixo do cuarto. Saltaba de gozo. Gustaríalle ter a cana do rexedor para anunciar o espectáculo. Grazas á indiscreción do mozo, que traizoaba a súa

familia para burlarse e por solidariedade de idade, permanecemos en silencio. Non me atrevera a contarlle a Marta o motivo do pícnic. Pensaba no rostro descomposto de Mme Marin, cos ollos postos nas agullas do reloxo e na impaciencia dos seus hóspedes. Por fin, cara ás sete, as parellas marcharon coas mans baleiras, tratando en baixo os Marin de impostores e o pobre M. Marin, de sesenta e oito anos, de arribista. Aquel futuro conselleiro prometía montes e moreas e nin sequera esperara a ser elixido para faltar ás súas promesas. En canto a Mme Marin, as damas viron na reunión un modo vantaxoso para ela de fornecerse de sobremesa. O alcalde, en persoa, aparecera só algúns minutos e aqueles minutos xunto cos oito litros de leite fixeron cuscubiñar que andaba amigado coa filla dos Marin, que era institutriz nunha escola. O matrimonio de Mlle Marin xa provocara un escándalo no pasado por ser pouco digno dunha institutriz, pois casara cun axente de policía.

Eu levei ata o límite a malicia ao facerlles oír o que desexaban facerlles oír aos outros. Marta estrañouse daquel ardor tardío. Sen poder aguantar e arriscándome a desgustala, conteille cal era a razón da reunión. Choramos coa risa.

Mme Marin, que talvez fose indulxente se cumprísemos os seus plans, non nos perdoou o desastre o que provocou o seu odio imposible de satisfacer, ao non ter xa medios e ao non atreverse a usar cartas anónimas.

Estabamos en maio. Vía menos a Marta na casa e só durmía con ela se podía inventar unha mentira na miña casa para quedar pola mañá. Facíao unha ou dúas veces por semana. O permanente éxito da miña mentira sorprendíame. En realidade, o meu pai non me cría. Cunha tola indulxencia pechaba os ollos coa única condición de que nin os meus irmáns nin os criados o soubesen. Abondaba entón con dicir que marchaba ás cinco da mañá, coma o día da ruta no bosque de Senart, pero a miña nai xa non me preparaba a cesta.

O meu pai soportaba todo; despois, sen transición, furioso, criticábame a preguiza. Aqueles anoxos desencadeábanse e calmábanse rápido, coma as ondas.

Nada absorbe máis ca o amor. Non se é preguiceiro por ser preguiceiro ao estar namorado. O amor sente confusamente que a súa única distracción real é o traballo. Por iso o considera coma un rival e non soporta ningún. Pero o amor é preguiza beneficiosa, coma a miúda chuvia que fecunda.

Se a xuventude é boba é por ter sido preguiceira. O que invalida os nosos sistemas de educación é que se dirixen aos mediocres, a causa da cantidade. Para unha intelixencia viva a preguiza non existe. Nunca aprendín tanto coma naquelas longas xornadas nas que, aínda que para unha testemuña poderían parecer baleiras, eu observaba o meu corazón novizo coma un novo rico observa os seus modais na mesa.

Cando non quedaba a durmir na casa de Marta, é dicir case todos os días, paseabamos despois de cear pola beira do Marne, ata as once. Eu desataba a barca do meu pai. Marta remaba e eu, deitado, apoiaba a cabeza nos seus xeonllos. Metíame con ela. De súpeto, un golpe de remo, recordábame que aquel paseo non ía durar toda a vida.

O amor quere dicir compartir o benestar. Así, unha amante de natureza bastante fría vólvese cariñosa, bícanos no colo e inventa mil aloumiños se estamos escribindo unha carta. Eu nunca tiña tantas ganas de bicar a Marta coma cando o traballo a distraía de min, nunca tantas ganas de tocar o seu pelo, de despeiteala, coma cando se peiteaba. Cando estabamos na barca, botábame enriba dela cubríndoa de bicos para que soltase os remos e a barca fose á deriva, prisioneiro das herbas, dos nenúfares brancos e amarelos. Cando me atacaba esta manía tan forte de molestar, ela recoñecía os sinais dunha paixón incapaz de conterse. Despois, amarrabamos a barca detrás das matogueiras altas. O medo de que nos visen ou de afondar, facía que a nosa excitación me parecese moito máis voluptuosa.

Por iso non me queixaba da hostilidade dos propietarios que lle poñían obstáculos á miña presenza na casa de Marta.

A miña suposta idea fixa de posuíla como non a puidera posuír Jacques, de bicar unha parcela da súa pel despois de facerlle xurar que nunca outros labios máis ca os meus a tocasen, non era máis ca libertinaxe. Confesábamo eu? Todo amor ten a súa xuventude, a súa idade madura e a súa vellez. Estaba eu neste último estadio ou xa o amor non me satisfacía sen certas buscas? Se o meu gozo se apoiaba no hábito, avivábase con estas parvadas, con estas lixeiras correccións inflixidas ao hábito. Por iso, non é en principio no aumento das doses que logo se volverán mortais, onde un intoxicado encontra a éxtase, senón no ritmo que inventa, sexa cambiando as horas, sexa usando enganos para cambiarlle o rumbo ao organismo.

Gustábame tanto a ribeira esquerda do Marne que frecuentaba a outra, tan diferente, para poder contemplar a que me gustaba. A ribeira dereita era menos suave, consagrada aos horteláns, aos cultivadores, mentres que a miña estaba consagrada aos ociosos. Atabamos a barca a unha árbore e iamos deitarnos no medio do trigo. O campo, coa brisa da tarde, tremía. O noso egoísmo, no seu escondedoiro, esquecía o prexuízo e sacrificaba o trigo ao confort do noso amor, como nós sacrificabamos a Jacques.

Un perfume de provisional excitaba os meus sentidos. Despois de probar alegrías máis brutais, máis parecidas ás que se proban coa primeira que aparece, non encontraba a mesma graza nas outras.

Apreciaba xa o sono casto, libre e o benestar de sentirse só nunha cama con sabas frescas. Alegaba razóns de prudencia para non pasar máis noites con Marta e ela admiraba a miña forza de vontade. Temía tamén a canseira que provoca a voz anxelical das mulleres que espertan e que, comediantas de raza, parecen cada mañá saír do máis alá.

Reprochábame as miñas críticas, os meus finximentos e pasaba os días preguntándome se amaba a Marta máis ou menos ca antes. O meu amor facía todo máis sofisticado. Do mesmo xeito que traducía erroneamente as frases de Marta, crendo darlles un sentido máis profundo, interpretaba os seus silencios. Sempre me equivocaba; un certo choque, que non se pode describir, prevenos de que xulgamos con exactitude. Os meus gozos e as miñas angustias eran máis fortes. Cando deitado ao seu carón, me entraban ganas dun momento a outro de estar deitado só, na casa dos meus pais, auguraba o insoprible dunha vida común. Por outra parte, non podía imaxinarme vivir sen Marta. Comezaba a coñecer o castigo do adulterio.

Odiaba a Marta por consentir, antes do noso amor, que amoblase a casa de Jacques ao meu gusto. Aqueles mobles volvéronse odiosos para min, pois non os escollera porque me gustasen senón para amolar a Jacques. Cansábame deles, sen excusas. Arrepentíame de non deixar que Marta os escollese soa. Sen dúbida, ao principio non me gustarían pero que pracer sentiría despois, cando me habituase a eles por amor. Estaba celoso de que o beneficio deste costume fose para Jacques.

Marta observábame con grandes ollos inxenuos cando lle dicía amargamente: “Espero que cando vivamos xuntos non conservemos estes mobles”. Respectaba todo o que eu dicía e crendo que me esquecera de que fora eu quen escollera os mobles non ousaba recordarmo. Lamentábase para si da miña mala memoria.

Nos primeiros días de xuño, Marta recibiu unha carta de Jacques na que, finalmente, só lle falaba do seu amor. Estaba enfermo. Íano levar ao hospital de Bourges. Non me alegraba da súa enfermidade pero que tivese algo que contar aliviábame. Suplicáballe a Marta que esperase o tren no que el ía na plataforma da estación ao pasar por J., ao día seguinte ou ao outro. Marta ensinome a carta, esperaba unha orde.

Ante o amor adoptaba unha actitude de escrava. A min custábame ordenar ou prohibir vendo tal servidume preambular. Para min, o meu silencio significaba que consentía. Podía impedirle ver o seu marido durante algúns segundos? Ela tamén permaneceu en silencio. Entón, por unha especie de convención tácita, non fun ao día seguinte vela.

Ao outro día pola mañá, un recadeiro trouxo á casa dos meus pais unha nota que só debía darme a min. Era de Marta. Esperaríame á beira do río. Suplicábame que fose vela se aínda a amaba.

Fun correndo ata chegar ao banco no que me estaba esperando. O seu saúdo tan pouco acorde co estilo da súa carta, deixoume xeadado e pensei que os seus sentimentos cambiaran.

Simplemente sucedera que Marta tomara o meu silencio de dous días antes por un silencio hostil. Non imaxinara a menor convención tácita. A dúas horas de angustia sucedelle a queixa de me ver con vida pois só a morte debería impedirme ir vela o día anterior. Non podía ocultar o meu estupor. Expliqueille a miña reserva e o meu respecto polos seus deberes cara a Jacques, enfermo. Non quedou totalmente convencida. Estaba irritado. Estiven a piques de dicirlle: “Para unha vez que non minto...”. Choramos.

Estas confusas partidas de xadrez son interminables e esgotadoras se un dos dous non lles pon un límite. En suma, a actitude de Marta cara a Jacques non era condescendente. Biqueina, arroleina. “O silencio, dixeron, non nos fai ben”. Prometemos non ocultarnos nada dos nosos pensamentos secretos, eu compadecía por crer que algo así fose posible.

En J..., Jacques buscara coa mirada a Marta, pois ao pasar o tren por diante da súa casa, vira as contras abertas. A súa carta suplicáballe que o tranquilizase. Pedíalle que fose a Bourges. “ Tes que ir” dixeron de forma que esta simple frase non contivese un reproche.

– Irei, dixon, se me acompañas.

Para min, isto supoñía levar demasiado lonxe a inconsciencia. Pero o amor que había nas súas palabras, os seus actos máis sorprendentes, levábanme rapidamente da cólera á gratitude. Púxenme furioso. Calmeime. Faleille con dozura, emocionado pola súa inxenuidade. Tratábaa coma a un neno que pide a lúa.

Expliqueille o amoral que era que eu a acompañase. Como a miña resposta non foi tempestuosa, coma a dun amante aldraxado, a súa repercusión foi aínda maior. Por primeira vez, oíame pronunciar a palabra “moral”. Esta palabra causou un efecto maravilloso pois, sendo tan inocente, debía coñecer crises de dúbidas coma min sobre a moralidade do noso amor. Sen esta palabra, podería crerme amoral, pois, a pesar da súa revolta contras os excelentes prexuízos burgueses, era moi burguesa. Pero xa que por primeira vez eu a metía en garda era unha proba de que ata entón consideraba que non fixeramos nada malo.

Marta lamentábase daquela especie de viaxe de vodas escabrosa. Comprendía, agora, o imposible que era.

– Polo menos, dixo, permíteme que non vaia eu.

A palabra “moral” pronunciada á lixeira instituíame en director da súa conciencia. Eu usaba este poder como os déspotas que se embriagan dun poder novo. O poder non se mostra a non ser que se use con inxustiza. Respodinlle entón que non vía nada malo en que non fose a Bourges. Encontreille motivos que a persuadiron: fatiga da viaxe, próxima convalecencia de Jacques... Estes motivos exculpábana se non ante Jacques, si polo menos ante a súa familia política.

A forza de orientar a Marta no sentido que me conviña, ía moldeándoa á miña imaxe. Sentíame culpable disto e tamén de destruír conscientemente a nosa felicidade. Que se parecese a min e que fose a miña obra, encantábame e enfadábame. Vía nisto unha razón da nosa harmonía pero tamén aí discernía a causa dos nosos desastres futuros. En efecto, comunicáralle pouco a pouco a miña incerteza que, o día que tivese que tomar unha decisión, lle impediría facelo. Sentía as súas mans moles como as miñas, esperando que o mar non destruíse o castelo de area, mentres que os outros nenos se apuraban en construír máis lonxe.

Este parecido moral debordou sobre o físico: mirada, paso... Varias veces os estraños nos tomaron por irmáns. Existen en nós xermes de semellanza que desenvolve o amor. Un xesto, unha inflexión de voz, tarde ou cedo, traizoan os amantes máis prudentes.

Hai que admitir que se o corazón ten razóns que a razón non coñece, é porque esta é menos razoable ca o noso corazón. Sen dúbida, todos somos Narcisos que amamos e detectamos a nosa propia imaxe pero para quen todos os demais resultan indiferentes. É este instinto de semellanza o que nos conduce na vida e nos grita “alto!” diante dunha paisaxe, dunha muller ou dun poema. Podemos admirar isto noutros sen sentir o choque. O instinto de semellanza é a única liña de conduta que non é artificial. Pero na sociedade, só os espíritos groseiros parecen non pecar contra a moral, ao perseguir sempre o mesmo tipo. Así algúns homes asáñanse contra as louras e ignoran que frecuentemente os parecidos máis profundos son os máis secretos.

Marta, desde había algúns días, parecía distraída pero sen tristeza. Se estivese distraída e triste podería explicarme a súa preocupación pola chegada do quince de xullo, data na que tería que ver a familia de Jacques, e a Jacques en convalecencia, nunha praia da Mancha. Permanecía en silencio e sobresaltábase só co ruído da miña voz. Soportaba o insoportable: visitas de familia, vexacións, agres indirectas da nai, bromas do pai, que lle supoñía un amante, sen crelo realmente.

Por que soportaba todo? Era a consecuencia das miñas leccións cando lle reprochaba darlle demasiada importancia a todo e deixarse afectar polos menores detalles? Parecía feliz, pero cunha felicidade peculiar que lle molestaba e que me resultaba desagradable, xa que eu non a compartía. Eu, que encontraba infantil que Marta descubriese no meu mutismo unha proba de indiferenza, acusábaa de non amarme xa porque permanecía calada.

Non se atrevía a dicirme que estaba embarazada.

Gustaríame poder aparentar que esta nova me facía feliz pero ao principio deixoume asombrado. Sen nunca antes pensar que podería ser responsable de nada, era responsable do peor. Tamén me daba rabia non ser o bastante home coma para encontrar o suceso simple. Marta falara porque eu a obrigara, temía que este instante que debería unírnos nos separase. Finxín tan ben a alegría que desapareceron os seus temores. Conservaba trazos profundos da moral burguesa e aquel neno significaba para ela que Deus recompensaba o noso amor e que non castigaba ningún pecado.

Mentres que o embarazo era para Marta unha razón para que nunca a deixase, para min era motivo de consternación. Coa nosa idade, parecíame imposible, inxusto, ter un neno que lle puxese trabas á nosa xuventude. Por primeira vez, sentía temores de tipo material pois as nosas familias ían abandonarnos.

Eu amaba xa aquel fillo e tamén por amor o rexeitaba. Non me quería sentir responsable da súa existencia dramática porque eu mesmo sería incapaz de vivila.

O instinto é a nosa guía, unha guía que nos conduce á ruína. O día antes, Marta temía que o seu embarazo nos afastase. Agora, que nunca me quixera tanto, cría que o meu amor crecía coma o seu. Eu, o día antes, rexeitaba aquel neno e comezaba agora a amalo e quitáballe unha parte do amor a Marta, do mesmo xeito que ao principio da nosa relación o meu corazón lle daba a ela o que lles quitaba aos outros.

Desde entón, cando pousaba a boca no ventre de Marta, xa non a bicaba a ela, bicaba o meu fillo. Ai!, Marta xa non era a miña amante senón unha nai.

Xa non actuaba nunca coma se estivésemos sós. Sempre había unha testemuña ao noso lado a quen lle debiamos render contas dos nosos actos. Custábame perdoar aquel brusco cambio do que consideraba única responsable a Marta e, non obstante, sentía que lle perdoaría incluso se me mentise. En certos momentos, cría que Marta mentía para que o noso amor durase un pouco máis pero que o seu fillo non era meu.

Coma un enfermo que busca a calma, non sabía para que lado virarme. Sentía que xa non amaba a mesma Marta e que o meu fillo só podería ser feliz se se crese fillo de Jacques. Certo, este subterfuxio aflixíame. Tería que renunciar a Marta. Por outra parte, por máis que quixese sentirme un home, o feito actual era demasiado serio para que fachendease ata o extremo de crer posible unha tan tola (pensaba eu: unha tan prudente) existencia.

E, por fin, Jacques volvería. Tras o extraordinario período da guerra, encontraría, coma tantos outros soldados enganados a causa das excepcionais circunstancias, unha esposa triste e dócil, na que nada desvelaba a mala conduta. Aquel fillo só podía ter unha explicación para o marido se ela soportaba o seu contacto nas vacacións. A miña covardía suplicoulle que o fixese.

De todas as nosas discusións, esta non foi nin a menos estraña nin a menos penosa. Eu estrañábame, con todo, de topar tan pouca resistencia. Tiven a explicación máis tarde. Marta non se atrevía a confesarme a vitoria de Jacques no seu último permiso e pensaba, finxindo obedecerme, negarse ao contrario a el, en Granville, co pretexto de trastornos do seu estado. Toda esta construción complicábase con datas cuxa falsa coincidencia, tras o parto, non lle deixarían dúbidas a ninguén. “Bah, dicíame eu, temos tempo. Os pais de Marta terán medo dun escándalo, levarana pasar un tempo ao campo e atrasarán a nova.”

A data da partida de Marta achegábase. A súa ausencia só me reportaba beneficios. Sería un proba. Esperaba curarme dela e se non o conseguía, se o meu amor era demasiado inmaduro para desatarse por si mesmo, sabía que volvería a encontrar a Marta igual de fiel.

Marchou o doce de xullo, ás sete da mañá. A noite antes quedei en J... Polo camiño, prometíame non pechar ollo en toda a noite. Quería facer unha tal provisión de caricias que xa non necesitaría a Marta para o resto dos meus días.

Un cuarto de hora despois de deitarme, quedei durmido.

En xeral, a presenza de Marta alteraba o meu sono e por primeira vez, ao seu lado, durmín tan ben coma se estivese só.

Cando espertei, estaba xa a pé. Non se atrevera a espertarme. Só me quedaba media hora antes do tren. Sentín rabia por perder durmindo as últimas horas que íamos pasar xuntos. Ela choraba tamén por marchar e eu quería empregar os últimos minutos noutra cousa ca en beber as nosas lágrimas.

Marta deixoume a chave e pedíame que fose á súa casa, que pensase en nós e que lle escribise na mesa.

Xurárame a min mesmo non acompañala ata París pero como non podía vencer o desexo dos seus labios e como quería covardemente amala menos tomaba este desexo como froito da partida, daquela “última vez” falsa xa que ben sabía que non habería última vez sen que ela o quixese.

Na estación Montparnasse, onde ía reunirse cos seus sogros, biqueina sen reservas. Buscaba de novo a miña escusa no feito de que, se aparecesen os seus sogros, se produciría un drama decisivo.

Cando volvín a F..., acostumado a vivir só esperando ir á casa de Marta, tratei de distraerme. Coidaba o xardín, intentaba ler e xogaba ás agachadas coas miñas irmás, o que non facía desde había cinco anos. Pola noite, para non espertar sospeitas, ía pasear. Normalmente, ata o Marne o camiño facíase me lixeiro. Aquela noite, arrastrábame, as pedras facían que torcese os pés e precipitaban os latexos do corazón. Cando estiven deitado na barca, desexei por primeira vez a morte pero tan incapaz de morrer coma de vivir, esperaba un asasino caritativo. Lamentaba que non se puidese morrer de aburrimiento nin de pena. Pouco a pouco a miña cabeza baleirouse, cun ruído de bañeira. Unha derradeira succión, máis longa, e a cabeza quedou baleira. Quedei durmido.

Espertoume o frío da alba de xullo. Volvín á casa xeado. Na casa estaban a pé había tempo e na antecámara o meu pai recibíame con dureza porque a miña nai encontrárase mal e mandaran a criada espertarme para que fose buscar o médico. A miña ausencia era entón oficial.

Soportei a reprimenda admirando a delicadeza instintiva do bo xuíz que, entre mil accións de aparencia censurable, escollía a única inocente para permitir que o criminal se xustificase. Non o fixen, era demasiado difícil. Deixei que o meu pai crera que volvía de J... e cando me prohibiu saír despois de cear, agradecílle que fose o meu cómplice e que me proporcionase unha escusa para non vadiar só fóra.

Sempre esperaba o carteiro, que era a miña vida. Sentíame incapaz de facer o menor esforzo para esquecer.

Marta dérame un abrecartas e pedírame que só o utilizase para abrir as súas. Podía utilizalo? Tiña demasiada prisa e rompía os sobres. Cada vez, avergonzado, facía a promesa de gardar a carta un cuarto de hora, intacta. Esperaba, con este método e co tempo, recuperar o dominio de min mesmo e gardar as cartas pechadas no peto pero sempre aprazaba este réxime ata o día seguinte.

Un día, desesperado pola miña febleza, nun ataque de rabia, rompín unha carta sen lela. Cando vin os anacos de papel espallados polo xardín, púxenme a catro patas. A carta contiña unha fotografía de Marta. Eu era moi supersticioso e interpretaba os feitos máis insignificantes nun sentido tráxico: rompera o seu rostro. Tomei isto coma un aviso do ceo. Os meus transos só se calmaron despois de pasar catro horas a pegar a carta e o retrato. Nunca antes realizara tal esforzo. O temor de que algo malo lle sucedese a Marta fixo que soportase aquel traballo absurdo que me nubrava os ollos e os nervios.

Un especialista recomendáralle a Marta baños no mar. Acusándome de maldade, prohibínllos porque non quería que ninguén máis ca min puidese ver o seu corpo.

Ademais, xa que Marta tiña que pasar un mes en Granville, alegrábame da presenza de Jacques. Acordábame da súa fotografía en branco que Marta me amosara o día dos mobles. Nada me daba máis medo ca os mozos na praia. Considerábaos de entrada máis guapos, máis fortes e máis elegantes ca min.

O seu marido protexeríaa contra eles.

En certos momentos de tenrura, coma un borracho que bica a todo o mundo, pensaba en escribirlle a Jacques, confesarlle que era o amante de Marta e, coa autoridade que dá este título, recomendarlle. Ás veces, envexaba a Marta, adorada por Jacques e por min. Non debíamos buscar xuntos a forma de facela feliz? Cando sufría estas crises, sentíame amante compracente. Desexaba coñecer a Jacques, explicarlle todo e por que non debíamos estar celosos un do outro. Despois, de golpe, o odio endereitaba a doce pendente.

En cada carta, Marta pedíame que fose á casa dela. A súa insistencia recordábame a insistencia dunha das miñas tías, moi devota, que me reprochaba non ir nunca á sepultura da miña avoa. Non teño instinto de peregrinaxe. Eses aburridos deberes localizan a morte, o amor.

Non se pode pensar nunha morta ou na amante ausente se non é nun cemiterio ou nun determinado cuarto? Non me molestaba en explicarllo a Marta e contáballe que ía á súa casa do mesmo xeito que á miña tía lle dicía que fora ao cemiterio. Con todo, fun á casa de Marta pero en singulares circunstancias.

Encontrei un día no tren aquela rapaza sueca á que os seus correspondentes lle prohibiran ver a Marta. O meu isolamento fixo que me gustasen as parvadas daquela nena. Propúxenlle ir merendar a J..., ás escondidas, ao día seguinte. Ocultei a ausencia de Marta, para que non se asustase e mesmo lle engadín que se poría moi contenta de volver a vela. Afirmo que non sabía exactamente o que contaba facer. Actuaba coma eses rapaces que, ao iniciar unha amizade, buscan asombrarse entre eles. Non podía resistirme ante a idea de ver sorpresa ou cólera na cara de anxo de Svéa cando tivese que confesarlle a ausencia de Marta.

Si, era sen dúbida ese pracer pueril de asombrar porque non encontraba nada sorprendente que dicirlle, mentres ela se beneficiaba dunha especie de exotismo e me sorprendía a cada frase. Nada hai máis delicioso ca esa súbita intimidade entre persoas que se comprenden mal. Levaba ao pescozo unha pequena cruz de ouro, esmaltada en azul, que caía sobre un vestido bastante feo que eu reinventaba ao meu gusto. Unha verdadeira boneca vivente. Sentía crecer o meu desexo de volver a ter unha cita a soas nun sitio distinto a un vagón.

O que estragaba un pouco o seu aire de convento era o aspecto de alumna de escola Pigier, onde por certo estudaba unha hora por día, sen moito aproveitamento, o francés e a mecanografía. Ensinoume os seus deberes dactilografados. Cada letra era unha falta corrixida na marxe polo profesor. Sacou dun bolso horrible, evidentemente feito por ela, un estoxo de cigarros ornamentado cunha coroa condal. Ofreceume un cigarro. Ela non fumaba pero sempre levaba aquel estoxo porque as súas amigas fumaban. Faloume dos costumes suecos que eu finxía coñecer: noite de san Xoán, marmelada de arando. Despois, quitou do bolso unha foto da súa irmá xemelga, que lle enviaran de Suecia a véspera, onde estaba dacabalo, totalmente espida e cun chapeu alto do seu avó na cabeza. Púxemne escarlata. A súa irmá parecíase tanto a ela que sospeitei que se ría de min e que me ensinaba a súa propia imaxe. Mordía os labios para calmar

as ganas de bicar aquela inxenua travesa. Debía de ter unha expresión moi salvaxe pois vin que tiña medo e que buscaba coa mirada o sinal de alarma.

Ao día seguinte, chegou á casa de Marta ás catro. Díxenlle que Marta estaba en París pero que volvería logo. Engadín: “Prohibiume que a deixase marchar antes de que volve-se”. Eu só tiña pensado confesarlle a miña artimaña máis tarde.

Por sorte, era larpeira. O meu gusto polas larpeiradas tomaba unha forma inédita. Non tiña ningunha ganas de torta nin de xeadado de framboesa, máis ben desexaba ser torta e xeadado nos que ela puxese a boca. Eu facía coa miña xestos involuntarios.

Non desexaba a Svéa por vicio senón por degoiro e as súas meixelas abondaríanme a falta dos seus beizos.

Faláballe pronunciando cada sílaba para que comprendese ben. Excitado polo divertido refrixerio, enervábame, sempre en silencio, por non poder falar rápido. Sentía a necesidade de falar por falar, de confidencias infantís. Achegaba a miña orella á súa boca. Bebía as súas palabriñas.

Obrigáara a tomar licor. Despois, sentía por ela a mesma pena que se sente por un paxaro que está atordado.

Esperaba que a súa embriaguez facilitase os meus propósitos pero pouco me importaba se me daba os seus labios de boa gana ou non. Pensaba na inconveniencia daquela escena na casa de Marta pero, repetíame, despois de todo, non lle quito nada ao noso amor. Desexaba a Svéa coma un froito do que unha amante non pode estar celosa.

Tiña a man dela entre as miñas que me parecían torpes e desexaba espila, arrolala. Recostouse no diván. Erguinme e inclineime cara a onde nacía o seu cabelo, peluxe aínda. Non deducía do seu silencio que os meus bicos lle agradasen pero, incapaz de indignarse, non encontraba ningunha maneira educada de me rexeitar en francés. Amordicáballe as meixelas, esperando que un zume doce xurdise delas, coma dos pexegos.

Por fin, biqueina na boca. Soportaba as miñas caricias, paciente vítima, pechando a boca e os ollos. O seu único xesto de rexeitamento consistía en mover suavemente a cabeza de dereita a esquerda e de esquerda a dereita. Eu non me confundía pero a miña boca vía nisto unha ilusión de resposta. Permanecía ao seu lado como nunca o fixera con Marta. Esta falsa resistencia alimentaba a miña audacia e a miña preguiza. Era bastante inxenuo para crer que todo iría ben a seguir e que me beneficiaría dunha violación fácil.

Nunca espira unha muller, máis ben me espiran elas a min. Así pois empecei a facelo con bastante torpeza, comezando por quitarlle os zapatos e as medias ao tempo que a bicaba nos pés e nas pernas. Cando quixen desabrochar o seu corsé, Svéa empezou a debaterse coma un pequeno diaño que non quere ir deitarse e que ten que ser espido á forza. Deume unha chea de patadas. Collín os seus pés no aire, apertinos e biqueinos. Por fin, a saciedade chegou, como a ansia de larpeiradas se acaba despois de moita crema e de lambonadas. Tiven que contarlle o meu engano e que Marta estaba de viaxe. Fíxenlle prometer que, se volvía ver a Marta, non lle contaría a nosa cita. Non lle confesei que era o seu amante pero deixei que o supuxese. O pracer do misterio fixo que respondese “ata mañá”, cando saciado dela, lle preguntei por educación se nos volveríamos a ver outro día.

Non volví á casa de Marta e quizais Svéa non foi chamar á porta pechada. Eu era consciente do censurable que era a miña conduta para a moral corrente pois sen dúbida, eran as circunstancias as que fixeran que Svéa me parecese tan preciosa. Desexaría a noutro sitio que non fose o cuarto de Marta?

Non sentía remorsos. E non era que eu abandonase a pequena sueca porque pensase en Marta, senón porque xa tirara dela todo o azucre.

Algúns días máis tarde, recibín unha carta de Marta acompañada doutra do seu caseiro na que lle dicía que a súa casa non era unha casa de citas e lle contaba o uso que facía eu da chave do seu apartamento a onde levara unha muller. “Teño unha proba da túa traizón” engadía Marta. Non quería volver a verme. Sen dúbida sufriría pero prefería sufrir ca ser enganada.

Eu sabía que aquelas ameazas eran anódinas e que abondaría cunha mentira ou mesmo, en caso de facer falta, coa verdade para destruílas, pero feríame que nunha carta de ruptura Marta non me falase de suicidio. Acuseina de frialdade. Aquela carta parecíame indigna de explicación, pois eu, nunha situación análoga, aínda que non pensase no suicidio, crería por conveniencia que debía ameazar a Marta. Trazo indeleble da idade e do colexio: cría que certas mentiras eran esixidas polo código paixonal.

Ante min presentábase un novo traballo na miña aprendizaxe de amor, amosarme inocente ante Marta e acusala de confiar menos en min ca no seu caseiro. Explíqueille a habilidade da manobra da camarilla Marin. En efecto, Svéa viñera vela un día no que eu estaba escribindo na casa dela e se lle abría fora porque, ao vela pola ventá, e sabendo que a afastaran de Marta, non quería que pensase que Marta lle

gardaba rancor por aquela penosa separación. Sen dúbida, viña ás agachadas e con innumerables dificultades.

Deste xeito anunciáballo a Marta que o cariño de Svéa por ela permanecía intacto e terminaba expresándolle o reconforto de ter podido falar de Marta, na súa casa, coa súa máis íntima compañeira.

Esta alerta fíxome maldicir o amor que nos forza a dar contas dos nosos actos, pois eu preferiría non ter que render nunca contas, menos aínda a min mesmo ca aos outros.

Pero o amor, dicíame eu, ten que ofrecer grandes vantaxes xa que todos os homes poñen a liberdade nas súas mans. Desexaba ser bastante forte para prescindir do amor e, así, non ter que sacrificar ningún dos meus desexos. Ignoraba que servidume por servidume, máis vale ser sometido polo propio corazón ca ser escravo dos propios sentidos.

Do mesmo xeito que a abella liba e enriquece a súa colmea –con todos os desexos que sente na rúa–, un namorado enriquece o seu amor e con isto beneficia a súa amante. Eu aínda non descubrira esa disciplina que lle dá ás naturezas infieis a fidelidade. Un home que desexa unha moza e que leva esta calor sobre a muller que ama, cun desexo máis vivo por insatisfeito, deixaralle crer á muller que nunca foi mellor amada. É enganada pero a moral, segundo a xente, está salvada. Con tales cálculos comeza a libertinaxe. Que non se condene precipitadamente certos homes capaces de enganar a súa amante no máis forte do seu amor, non deben ser acusados de frívolos. Odian este subterfuxio e nin sequera pensan en confundir a felicidade cos praceres.

Marta esperaba que eu me desculpase. Suplicoume que lle perdoase os reproches. Perdoeille, pero facéndome de rogar. Escribiulle ao propietario e rogoulle ironicamente que admitise que mentres ela non estaba eu puidese recibir unha das súas amigas.

Cando Marta volveu, nos últimos días de agosto, non foi vivir a J..., senón á casa dos seus pais que prolongaban as súas vacacións de verán. Este novo decorado no que Marta sempre vivira servíame de afrodisíaco. A fatiga sensual e o secreto desexo do sono solitario desapareceron. Non pasei ningunha noite na casa dos meus pais. Ardía, apurábame como a xente que ten que morrer nova e que come as bocadelas de dúas en dúas. Quería aproveitar a Marta antes de que a maternidade a estragase.

Aquel cuarto de solteira, no que ela rexeitara a presenza de Jacques, era o noso cuarto. Gustábame encontrala coa mirada como primeira comungante enriba da cama estreita. Obrigábaa a observar fixamente outra imaxe dela de cando era bebé, para que o noso fillo se parecese a ela. Percorría, encantado, aquela casa que a vira nacer e crecer. No rocho tocaba o seu berce, que quería que utilizase aínda e facíalle sacar as súas camiñiñas, os seus pantalóns, reliquias dos Grangier.

Non botaba de menos o apartamento de J..., onde os mobles non tiñan o encanto do máis feo mobiliario das familias. Non podían ensinarme nada. Pola contra, na casa, falábanme de Marta todos aqueles mobles nos que, de pequena, deba bater coa cabeza. Ademais, estabamos sós, sen conselleiro municipal, sen propietario. Non nos preocupabamos máis ca salvaxes e paseabamos case espidos polo xardín, verdadeira illa deserta. Deitabámonos no céspede, merendabamos debaixo dunha pérgola de aristoloquia, de madreSelva e de viña virxe. Boca a boca, pelexabamos polas ameixas que eu recollía, estragadas e tépedas do sol. O meu pai non conseguira que me ocupase do xardín, coma os meus irmáns, pero coidaba o de Marta. Angazaba, arrincaba as malas herbas. Pola noite, despois dun día cálido, sentía o mesmo orgullo de home, tan embriagador, apagando a sede da terra e das flores suplicantes, ca satisfacendo o desexo dunha muller. A bondade sempre me parecera un pouco boba: agora comprendía toda a súa forza. As flores medraban grazas aos meus coidados, as galiñas durmían á sombra despois de que eu lles botase gran. Bondade? Egoísmo! As flores mortas e as galiñas fracas traerían a tristeza á nosa illa de amor. A auga e o gran que viñan de min dirixíanse máis a min ca ás flores e ás galiñas.

Nesta renovación do corazón esquecía ou desprezaba os meus recentes descubrimentos. Consideraba a libertinaxe provocada polo contacto coa casa de familia como a fin da libertinaxe. Así, aquela última semana de agosto e o mes de setembro foron a única época de verdadeira felicidade. Non mentía nin me fería nin fería a Marta. Xa non vía obstáculos. Albiscaba con dezaseis anos un tipo de vida que se desexa na madurez. Viviríamos no campo e nel permaneceríamos eternamente novos.

Deitado a carón dela no céspede e acariñando o seu rostro cunha ramiña de herba, explicáballe lenta e pausadamente, como sería a nosa vida. Marta, desde o seu regreso, buscaba un apartamento para nós en París. Os seus ollos humedecéronse, cando lle dixen que desexaba vivir no campo: “Nunca me atrevería a proporcho, díxome. Cría que te aburrirías, só comigo, e que necesitabas a cidade. –Que mal me coñeces”, respondílle eu. Gustaríame vivir cerca de Mandres, a onde fomos pasear unha vez e onde se cultivan as rosas, desde que un día, por azar, despois de cear en París con Marta, cheirara aquelas rosas cando colliamos o último tren. No patio da estación, os obreiros descargan inmensas caixas que perfuman. Durante a miña infancia sempre oía falar daquel misterioso tren das rosas que pasa a unha hora na que os nenos dormen.

Marta dicía: “ As rosas só teñen unha estación. Despois, non tes medo de que Mandres che resulte feo? Non é mellor escoller un sitio menos bonito pero cun encanto máis uniforme?”

Eu recoñecía neste detalle. As ganas de gozar durante dous meses das rosas facían que esquecese os outros dez e o feito de escoller Mandres dábame unha proba máis da natureza efémera do noso amor.

Frecuentemente, ao non cear en F... co pretexto de paseos ou de invitacións, quedaba con Marta.

Unha tarde, encontreina cun mozo con uniforme de aviador. Era o seu primo. Marta, a quen eu non atuaba, ergueuse e bicoume no colo. O seu primo riu da miña incomodidade. “Diante de Paul non hai nada que temer, querido, dixó. Conteille todo”. Sentíame incómodo pero encantado de que Marta lle confesase ao seu primo que me amaba. Aquel rapaz, encantador e superficial, e que só pensaba en que o seu uniforme non fose regulamentario, parecía encantado co noso amor que supuña para el unha farsa de Jacques a quen desprezaba por non ser nin aviador nin habitual dos bares.

Paul recordaba todos os xogos da infancia que tiveran aquel xardín coma escenario. Eu facíalle preguntas, ávido da conversa que me amosaba a Marta nun día inesperado. Ao mesmo tempo, sentía tristeza pois estaba demasiado cerca da infancia como para esquecer os xogos descoñecidos polos pais, ben porque as grandes persoas non gardan ningunha memoria destes xogos, ben porque os ven coma un mal inevitable. Sentía celos do pasado de Marta.

Como lle contamos a Paul, rindo, o odio do propietario e a merenda dos Marin, ofreceunos, moi falanguero, un apartamentíño que el tiña en París.

Vin que Marta non ousaba confesarlle que tiñamos planeado vivir xuntos. Notábase que el animaba o noso amor como entretemento pero que ouvearía cos lobos o día dun escándalo.

Marta ergueuse da mesa e serviu. Os criados foran con Mme Grangier ao campo pois, sempre por prudencia, Marta pretendía querer vivir coma Robinson. Os seus pais, que pensaban que a súa filla era unha soñadora, e que os soñadores son iguais aos tolos que non hai que contradicir, deixábana soa.

Quedamos moito tempo na mesa. Paul subira as mellores botellas. Estabamos alegres, cunha alegría que, sen dúbida, lamentariamos pois Paul actuaba coma confidente de calquera adulterio. Burlábase de Jacques. Se gardaba silencio, corría o perigo de que notase a súa falta de tacto, así que prefería prestarme ao xogo antes ca humillar aquel primo fácil.

Cando vimos que hora era, o último tren para París xa pasara. Marta ofreceulle unha cama e Paul aceptouna. Mirei a Marta de tal forma que dixo: “Entendido, querido, quedas”. Tiven a ilusión de estar na miña casa, casado con Marta, e recibir un primo da miña muller, cando no limiar do noso cuarto Paul nos desexou boas noites e lle deu un bico na meixela á súa prima con toda a naturalidade do mundo.

Á fin de setembro, sentín que abandonar aquela casa era abandonar a felicidade. Tiñamos aínda algúns meses de graza e teríamos que elixir vivir na mentira ou na verdade, ningunha das situacións sería cómoda. Como era importante que Marta non fose abandonada polos seus pais, tendo o nacemento do noso fillo, atrevínme a preguntarlle se lle avisara a Mme Grangier de que estaba embarazada. Díxome que si e que tamén avisara a Jacques e tiven entón a oportunidade de constatar que ás veces me mentía pois, no mes de maio, despois do permiso de Jacques, xurárame que non se achegara a ela.

A noite caía cada vez máis cedo e o fresco impedía os nosos paseos. Era difícil vernos en J... Para que non rebentase un escándalo, tiñamos que tomar precaucións coma se fóssemos ladróns e axexar na rúa a ausencia dos Marin e do propietario.

A tristeza daquel mes de outubro, daquelas tardes frías, pero non bastante frías como para permitir acender o lume, mandábanos á cama ás cinco. Na casa dos meus pais, deitarse durante o día significaba estar enfermo e meterme na cama ás cinco encantábame. Non me imaxinaba que existise ninguén máis. Estaba só con Marta, deitado, parado no medio do mundo activo. Apenas me atrevía a mirar a Marta espida. Son un monstro? Sentía remorsos do máis nobre emprego do home. Considerábame un bárbaro por estragar a beleza de Marta, ao ver como aumentaba o seu ventre. Ao principio do noso amor, cando lle mordía, non me dicía ela “Márcame”? Non a marcara da peor forma?

Agora Marta non só era a máis amada, o que non quere dicir a mellor amada das amantes, senón que ocupaba todo. Nin sequera pensaba nos meus amigos; temía velos sabendo que crían facernos un favor desviándonos do noso camiño. Felizmente, os amigos consideran as nosas amantes insoportables e indignas de nós. É a nosa única salvagarda. Cando non é así, córrese o risco de que se convertan nas súas amantes.

O meu pai comezaba a asustarse, pero despois de defenderme sempre contra a súa irmá e a miña nai, non quería que parecese que se retractaba e uníase a elas sen dicirlles nada. Comigo, manifestábase disposto a todo para separame de Marta: avisaría os seus pais, o seu marido... Ao día seguinte, deixábame libre.

Eu adiviñaba a súa debilidade e aproveitábame dela. Atrevíame a contestarlle, agobiábao como facían a miña nai e a miña tía, reprochándolle usar a súa autoridade demasiado tarde. Non fora el quen quixera que coñecese a Marta? Tamén se sentía culpable por isto. Unha atmosfera trágica circulaba pola casa. Que exemplo para os meus dous irmáns! O meu pai prevía que un día non tería nada que responderlles cando xustificasen a súa indisciplina coa miña.

Ata aquel momento crera que eu tiña unha aventura pero, de novo, a miña nai sorprendeu unha carta e amosoulle triunfalmente as pezas do seu proceso. Marta falaba do noso futuro e do noso fillo!

A miña nai considerábame aínda coma un bebé para que lle dese un neto ou unha neta, parecíalle imposible ser avoa aos seus anos. No fondo esta era para ela a mellor proba de que aquel neno non era meu.

A honestidade pode unirse aos sentimentos máis vivos. A miña nai, coa súa profunda honestidade, non podía admitir que unha moza enganase o seu marido. Era para ela unha inmoralidade tal que non podía tratarse de amor. Que eu fose amante de Marta significaba para que había outros. O meu pai sabía o falso que pode ser tal razoamento pero utilizábao para sementar a dúbida na miña alma e diminuír a Marta. Deume a entender que era o único a non “saber”. Repliqueille que a calumniaban así a causa do seu amor por min. O meu pai, que non quería que me beneficiase destes comentarios, certificoume que eran anteriores á nosa relación e incluso ao seu casamento.

Despois de ter conservado na casa unha fachada digna, perdía toda contención e, cando xa levaba fóra varios días, mandaba a criada á casa de Marta cunha nota dirixida a min na que me ordenaba que volvese inmediatamente coa ameaza de denunciar a miña fuxida ante a xefatura de policía e perseguir a Mme L. por corrupción de menores.

Marta gardaba as aparencias, finxía sorpresa e dicíalle á criada que me daría o sobre tan pronto como me vise. Eu volvía á casa pouco máis tarde, maldicindo a miña

idade que me impedía ser dono de min. Nin o meu pai nin a miña nai abrían a boca. Folleaba o código sen encontrar os artigos da lei onde falaba dos menores. Cunha notable inconsciencia non cría que a miña conduta puidese levarme a un correccional. Finalmente, despois de esgotar en balde o código, volví ao gran Larousse, onde relín dez veces o artigo “menor”, sen descubrir nada que nos atinxise.

Ao día seguinte, o meu pai deixábame libre de novo.

Para os que busquen as razóns da súa estraña conduta resúmollas en tres liñas: deixaba que actuase ao meu parecer. Despois, sentía vergonza. Soltaba as ameazas, máis furioso contra si ca contra min. A continuación, a vergonza de encolerizarse, levábo a soltar as bridas.

Mme Grangier empezara a sospeitar ao volver do campo polas insidiosas cuestións dos veciños. Finxindo crer que eu era un irmán de Jacques, contábanlle a nosa vida xuntos. Como, por outra parte, Marta non podía evitar pronunciar o meu nome a propósito de calquera cousa, de apoiar calquera cousa que eu fixera ou dixera, á súa nai non lle durou moito tempo a dúbida sobre a personalidade do irmán de Jacques.

Aínda podería perdoar todo coa certeza de que o neno, que ela cría que era de Jacques, lle poría fin á aventura. Non lle contou nada a M. Grangier, por temor dun escándalo e consideraba a súa discreción coma unha virtude da que debía advertir a Marta para que lle estivese agradecida. Co fin de probarlle á súa filla que sabía todo, acosábaa sen descanso, faláballe con indirectas e con tan pouca habilidade que M. Grangier, cando estaba a soas coa súa muller, lle rogaba que deixase tranquila a pobre rapaza, inocente, e a quen estas continuas suposicións acabaría por virarlle o sentido. Mme Grangier respondía algunhas veces cun simple sorriso, coa intención de deixarlle entender que a súa filla confesara.

Esta actitude, e a precedente, canda a primeira visita de Jacques, incitáronme a crer que Mme Grangier, aínda que desaprobaba completamente a súa filla, pola única satisfacción de quitarlle a razón ao seu marido e ao seu xenro a defendería diante deles. No fondo, Mme Grangier admiraba a Marta por enganar o seu marido, o que ela nunca ousara facer, fose por escrúpulos ou por falta de oportunidades. A súa filla vingábase por ser, cría ela, incomprendida. Bobamente idealista, limitábase a criticarlle que quixese un rapaz tan novo coma min e menos apto ca ningún para comprender a “delicadeza feminina”.

Os Lacombe, que Marta visitaba cada vez menos, non podían desconfiar nada porque vivían en París. Simplemente, Marta, que sempre lles parecera rara, lles gustaba

cada vez menos. Desacougábanse polo futuro. Preguntábanse que ía ser daquela parella ao cabo duns anos. Todas as nais, por principio, o que máis desexan para os seus fillos é o matrimonio, pero nunca aproban a muller que escollen. A nai de Jacques compadecía entón por ter unha muller coma Marta. En canto a Mlle Lacombe, a principal razón das súas críticas viña de que Marta gardaba o segredo dun idilio que chegara bastante lonxe o verán no que coñecera a Jacques ao bordo do mar. A irmá prediciálle o máis sombrío futuro ao matrimonio, dicía que Marta enganaría a Jacques, se por sorte non o fixera xa.

O asañoamento da súa muller e da súa filla forzaba ás veces a erguerse da mesa a M. Lacombe, home valente, que quería a Marta. Entón nai e filla intercambiaban unha mirada significativa. A de Mme Lecombe expresaba: “Ves, miña filla, como esas mulleres saben enfeitizar os nosos homes?”. A de Mlle Lacombe: “Non encontro con quen casar porque non son unha Marta”. En realidade, a desgraciada, baixo o pretexto de “outro tempo outros costumes” e que o casamento xa non se concluía á vella moda, facía que os posibles futuros maridos escapasen por non amosarse o suficientemente rebelde. As súas esperanzas de casamento duraban o que dura unha estación balnearia. Os mozos prometían ir, tan pronto como estivesen en París, pedir a man de Mlle Lacombe pero non volvían dar sinais de vida. A principal queixa de Mlle Lacombe, que ía peitear a Sainte–Catherine, era quizais que Marta encontrase tan facilmente marido. Consolábase dicindo que só un aparvado coma o seu irmán podía deixarse engaiolar.

Non obstante, fosen cales fosen as sospeitas das familias, ninguén pensaba que o neno de Marta puidese ter outro pai ca Jacques. Isto feríame. Houbo incluso días nos que acusaba a Marta de non ter dita aínda a verdade. Propenso a ver en todo unha febleza que só estaba en min pensaba que, aínda que Mme Grangier empezase a ver o drama, pecharía os ollos ata o final.

A tormenta achegábase. O meu pai ameazaba con enviarlle certas cartas a Mme Grangier e eu desexaba que executase as súas ameazas. Despois reflexionaba. Mme Grangier ocultaríalle as cartas ao seu home. Ambos estaban interesados en que non estourase unha tormenta. Asfixiábame. Invocaba aquela tormenta e pensaba que era directamente a Jacques a quen meu pai lle debería enviar as cartas.

O día no que cheo de cólera me dixo que o fixera, estiven a piques de abrazalo. Por fin, por fin me facía o favor de dicirlle a Jacques o que era importante que soubese. Compadecía o meu pai por crer que o meu amor era tan feble. E ademais, aquelas cartas acabarían con aquelas outras de Jacques nas que se conmovía co noso fillo. O meu delirio impedíame ver que tolo e imposible era este acto. Só comecei a ver claramente cando meu pai, máis calmado, ao día seguinte, me tranquilizou, cría el, ao confesarme a súa mentira. Considerábao inhumano. Certo pero, onde está o humano e o inhumano?

Eu esgotaba a miña forza nerviosa en covardía, en audacia, extenuado polas mil contradicións da miña idade enfrontada á aventura dun home.

O amor anestesiaba en min todo o que non era Marta e non me imaxinaba que o meu pai puidese sufrir. Xulgaba todo dun xeito tan falso e cativo que acabei por crer que se declarara a guerra entre el e eu. Entón, xa non só era por amor a Marta que pisaba os meus deberes de fillo, senón que ás veces, atrévome a confesalo, o facía por espírito de represalias.

Xa non lle concedía moita atención ás cartas que o meu pai mandaba levar á casa de Marta. Era ela quen me suplicaba que volvese frecuentemente e que me amosase razoable. Entón, gritáballe: “Vas ti, tamén, porte en contra miña?” Apertaba os dentes e golpeaba o chan co pé. Marta tomaba a miña actitude, ante a idea de estar lonxe dela algunhas horas, coma un sinal da paixón. A certeza de ser amada dáballe unha firmeza que nunca lle vira. Segura de que pensaría nela, insistía en que volvese á casa.

Logo me decatei de onde lle viña a súa coraxe e comecei a cambiar de táctica. Finxía renderme ante as súas razóns. Entón, de súpeto, tiña outro aspecto. Ao verme tan prudente (ou tan lixeiro), tiña medo de que a amase menos e entón era ela quen me suplicaba que quedase, necesitaba sentirse calmada.

Non obstante, unha vez, todo foi mal. Desde había xa tres días, non puxera pés na casa dos meus pais e afirmáballe a Marta que tiña intención de pasar outra noite con ela. Intentouno todo para facerme cambiar de parecer: caricias, ameazas... Incluso soubo finxir. Acabou por declararme que, se non volvía á casa dos meus pais, ela iría durmir á dos seus.

Respondinlle que o meu pai non lle tería en conta tan bondadoso xesto. Ben! Non iría á casa da súa nai, iría á beira do Marne, collería frío e despois morrería. Veríase por fin libre de min: “Ten polo menos piedade do noso neno, dicía Marta. Non comprometas a súa existencia sen motivo”. Acusoume de burlarme do seu amor e de querer coñecer os seus límites. Ante tal insistencia, repetinlle a intención do meu pai: ela enganábame con outro, non ía ser inxenuo. “Só unha razón, díxenlle, che impide ceder: esta noite recibes a un dos teus amantes.” Que responder ante tan tolas inxustizas? Virouse para outro lado. Reprocheille non saltar ante a aldraxe. En fin, actuei tan ben que aceptou pasar a noite comigo a condición de que non fose na súa casa. Por nada do mundo quería que os seus propietarios puidesen dicirlle ao día seguinte ao mensaxeiro dos meus pais que estaba na casa.

Onde durmir?

Eramos dou nenos de pé enriba dunha cadeira, orgullosos de estar unha cabeza por riba dos adultos. As circunstancias izábannos pero permaneciamos incapaces. E se, polo mesmo feito da nosa inexperiencia, certas cousas complicadas nos parecía moi simples, as cousas máis simples, pola contra, convertíanse en obstáculos. Nunca ousamos utilizar o apartamento de Paul e non me parecía posible explicarlle á porteira, entregándolle algún diñeiro, que iríamos alí algunhas veces.

Tiñamos que durmir, entón, nun hotel. Nunca estivera nun e tremía ante a perspectiva de cruzar o limiar.

Os nenos buscan pretextos. Sempre chamados a xustificarse ante os pais, é fatal que mintan.

En fronte mesmo dun mozo de hotel chosco, pensaba que debía xustificarme. E foi por isto polo que, pondo como pretexto que necesitaríamos roupa e algúns obxectos de aseo, obriguei a Marta a facer unha maleta. Pediríamos dous cuartos e así pensarían que eramos irmáns. Nunca me atrevería a pedir un só cuarto, ao exporme a miña idade (idade na que a un o expulsan dos casinos) a mortificacións.

A viaxe, ás once da noite, foi interminable. Había dúas persoas no noso vagón: unha muller volvía acompañar o seu marido, que era capitán, á estación do Leste. O vagón non tiña nin calefacción nin luz. Marta apoiaba a cabeza contra o vidro húmido. Sufría o capricho dun rapaz cruel. Eu sentía bastante vergonza e sufría pensando en como Jacques, sempre tan tenro con ela, merecía máis ca min ser amado.

Non puideron evitar xustificarme en voz baixa. Ela moveu a cabeza: “Prefiro ser desgraciada contigo ca feliz con el”. Velaí esas palabras de amor que non queren dicir nada e que dá vergonza repetir pero que, pronunciadas pola boca amada, nos embriagan. Mesmo me pareceu comprender a frase de Marta. Con todo, que significaba exactamente? Pódese ser feliz con alguén a quen non se ama?

E preguntábame, e preguntome aínda, se o amor nos dá o dereito de arrincarlle unha muller a un destino, quizais mediocre, pero cheo de quietude. “Prefiro ser desgraciada contigo” contiñan estas palabras un reproche inconsciente? Sen dúbida, Marta, porque me amaba, coñecera comigo momentos que non coñecera con Jacques pero, eses momentos felices dábanme o dereito de ser cruel?

Baixamos na Bastilla. O frío, que eu tolero habitualmente porque imaxino a cousa máis limpa do mundo, era, naquel patio da estación, máis sucio ca a calor nun porto de mar pero sen a alegría que compensa. Marta queixábase de cambras e

agarrábase ao meu brazo. Lamentable parella que se esquecía da súa beleza, da súa xuventude e se sentía avergonzada de si coma unha parella de mendigos.

A preñez de Marta parecíame ridícula e camiñaba coa mirada cravada no chan, ben lonxe do orgullo paternal.

Camiñamos así baixo a chuvía glacial, desde a Bastilla ata a estación de Lyon. En cada hotel, para non entrar, inventaba unha mala escusa. Díxalle a Marta que buscaba un hotel adecuado, un hotel de viaxeiros, só de viaxeiros.

Na praza da estación de Lyon, púxoseme difícil esquivar-me e Marta suplicou-me que lle puxese fin a aquel suplicio.

Mentres ela esperaba fóra, entrei nun vestíbulo, esperando non sei ben que. O rapaz preguntou-me se quería un cuarto. Era fácil responder que si. Foi demasiado fácil e, buscando unha escusa coma unha rata de hotel collida por sorpresa, pregunteille por Mme Lacombe. Pregunteillo pódome rubio e temendo que me respondese: “Búrlase de min, mozo? Está aí na rúa.” Consultou os rexistros: debía de equivocarme de enderezo. Saín e explíqueille a Marta que non quedaban cuartos e que non encontraríamos ningún naquel barrio. Respirei. Apuraba coma un ladrón que escapa.

A continuación, a miña idea fixa de fuxir daqueles hoteis aos que levaba a Marta á forza impedían-me pensar nela. Agora, mirábaa, pobre pequena. Retiven as lágrimas e cando me preguntou onde íamos encontrar unha cama, supliqueille que non odiase un enfermo e que volve-se sensatamente a J., eu volvería á casa dos meus pais. Enfermo e sensatamente! Amosou un sorriso maquinal ao oír aquelas palabras desprazadas.

A miña vergonza dramatizou o retorno. Cando, tras crueldades deste tipo, Marta caía na desgraza de me dicir: “Que malo fuches”, deixábame levar e considerábaa ingrata. Se pola contra, calaba e aparentaba esquecer, tiña medo de que reaccionase así porque me considerase un enfermo, un demente. Entón, non paraba ata que lle fixese dicir que non esquecería e que, aínda que me perdoase non debía aproveitarme da súa clemencia e que un día, cansa dos meus malos tratos, o seu cansazo predominaría sobre o noso amor e me deixaría só. Cando a forzaba a falar-me con esta enerxía, e aínda que non crese as súas ameazas, sentía unha dor deliciosa, comparable, pero máis forte, á conmoción que me provocan as montañas rusas. Entón precipitábame sobre Marta e bicábaa máis apaixonadamente ca nunca.

– Repíteme que me deixarás, dicíalle, arquexando e abrazánda a rompela.
Submisa, como nin sequera pode selo unha escrava, só un medium, repetía, para
compracerme, frases que non comprendía.

Aquela noite de hoteis foi decisiva, do que me dei conta despois de tantas extravagancias. Pero se eu cría que toda unha vida pode coxear deste xeito, Marta nun recanto do vagón de volta, esgotada, aterrada e batendo os dentes, comprendeuno todo. Quizais mesmo viu que ao cabo daquel percorrido dun ano, nun coche tolamente conducido, non podía haber outra escapatoria que a morte.

Ao día seguinte, encontrei a Marta na cama, como habitualmente. Quixen deitarme con ela e rexeitome suavemente: “Non me sinto moi ben, dixo, vaite, non quedes cerca de min, vouche pegar o catarro”. Tusía e tiña febre. Díxome, sorrindo, para que non parecese un reproche, que debiera ser que collera frío a noite antes. A pesar da súa axitación impediume que fose buscar o médico. “Non é nada, dixo. Só necesito estar no quente”. En realidade, non quería, enviándome á casa do médico, comprometerse ante aquel vello amigo da familia. Eu tiña tal necesidade de que me tranquilizase que a negativa de Marta dissipou as miñas inquietudes. Volveron a aparecer, e máis fortes ca nunca, cando, ao marchar para comer na casa dos meus pais, Marta me preguntou se podía desviarme e deixar unha carta na casa do doutor.

Ao día seguinte, ao chegar á casa de Marta, cruceime co médico na escaleira. Non me atrevín a preguntarlle nada e mireino ansiosamente. A súa aparencia tranquila fíxome ben pero só era unha actitude profesional.

Entreí na casa de Marta. Onde estaba? O cuarto estaba baleiro. Estaba chorando, coa cabeza debaixo das mantas. O médico condenábaa a gardar cama ata que dese a luz. Ademais, no seu estado necesitaba que alguén a coidase polo que tiña que ir vivir cos seus pais. Separábanos.

A desgraza non se acepta, só a felicidade nos parece xusta. Admitindo esta separación sen revolta, non amosaba coraxe, simplemente non comprendía. escoitaba, coma un estúpido, a sentenza do médico do mesmo xeito que un condenado escoita a súa sentenza. Se non se pon pálido dise “que fortaleza”. En absoluto, é máis ben falta de imaxinación. Cando o espertan para a execución, entón *oe* a sentenza. Do mesmo xeito, non comprendín que non íamos volver a vernos ata que viñeron anunciarlle a Marta que chegara o coche que mandara o doutor. Prometera non avisar a ninguén, Marta esixía chegar á casa da súa nai de improviso.

Fixen que o coche parara a certa distancia da casa dos Grangier. A terceira vez que o condutor se virou baixamos. Aquel home pensou que sorprendía o noso terceiro bico pero era sempre o mesmo. Deixaba a Marta sen tomar as menores disposicións para cartearnos, case sen dicirlle adeus, coma se fose alguén que volvería a ver unha hora máis tarde. Algunhas veciñas curiosas xa se asomaban ás ventás.

A miña nai notou que tiña os ollos rubios e as miñas irmás riron porque deixei caer dúas veces seguidas a culler da sopa. O chan daba voltas pero eu non tiña o pé dun mariñeiro para o sufrimento. Aínda así, parecíame que aquelas vertices do corazón e da alma só eran comparables ao mal do mar. A vida sen Marta era unha longa travesía.

Chegaría? Do mesmo xeito que coa aparición dos primeiros síntomas do mal do mar, dá igual chegar a porto e deséxase morrer no sitio, preocupábame pouco polo futuro. Ao cabo dalgúns días, o mal menos tenaz, deixoume tempo de pensar en terra firme.

Os pais de Marta non tiñan moito máis que adiviñar. Non se contentaban con escamotear as cartas, queimábanas diante dela, na cheminea do seu cuarto. As súas estaban escritas a lapis, apenas lexibles e era o seu irmán quen as levaba a correos.

Eu xa non tiña que soportar conflitos de familia. Recuperaba as boas conversas co meu pai, pola noite, a carón do lume. Nun ano, convertérame nun estraño para as miñas irmás que agora volvían a facerse máis sociais, volvían a habituarse a min. Collía a máis pequena no colo e, aproveitando a penumbra, abrazábaa con tanta forza que forcexaba, medio rindo, medio chorando. Pensaba no meu fillo, pero estaba triste. Parecíame imposible sentir por el unha tenrura máis forte. Era eu maduro para que un bebé fose outra cousa para min ca un irmán ou unha irmá?

O meu pai aconsellábame distraerme. Consellos producidos pola calma. Que podía facer, salvo o que xa non faría máis? Cando soaba a campá ou pasaba un coche, estremecíame. Asexaba desde a miña prisión os menores sinais de liberación.

A forza de axexar os ruídos que podían anunciar algo, os meus oídos, un día, oíron as campás, as campás do armisticio.

Para min, o armisticio significaba a volta de Jacques. Imaxinábao á cabeceira de Marta, sen que me fose posible reaccionar. Estaba perdido.

O meu pai retornou a París e quería que volvese con el: “Non debe perderse unha festa coma esta”. Non me atrevín a negarme porque tiña medo de parecer un monstro. Despois de todo, no frenesí da miña infelicidade, non me desgustaba ir ver a alegría dos outros.

Confesarei que non me inspirou moitas ganas. Só me sentía capaz de experimentar os sentimentos que se lle prestan á multitude. Buscaba o patriotismo. A miña inxustiza só me amosaba a alegría dun día de descanso inesperado: os cafés abertos ata máis tarde, o dereito dos militares de bicar as mozas frívolas. Aquel espectáculo, que pensara que me aflixiría e me poría celoso, ou incluso que me distraería polo contaxio dun sentimento sublime, aburriume coma unha Sainte-Catherine.

Había varios días que non me chegaba ningunha carta. Un das raras tardes nas que nevou, os meus irmáns trouxéronme unha mensaxe do pequeno Grangier. Era unha carta glacial de Mme Grangier na que me rogaba que acudise o antes posible. Que podía querer de min? A sorte de estar en contacto, aínda que fose de xeito indirecto con Marta, sufocou as miñas preocupacións. Imaxinaba a Mme Grangier impedíndome ver a súa filla, cartearme con ela, e eu, escoitando coa cabeza baixa coma un mal alumno. Incapaz de rebentar, de montar en cólera, ningún xesto manifestaría o meu odio. Saudaría con educación e a porta volvería a pechase para sempre. Unha vez fóra encontraría as respostas, os argumentos de mala fe e as palabras incisivas que poderían deixarlle a Mme Grangier unha imaxe menos penosa do amante da súa filla ca a dun colexial sorprendido en falta. Eu prevía a escena, segundo por segundo.

Cando entrei no pequeno salón, pareceume revivir a miña primeira visita. Aquela visita significaba entón que quizais non volvería ver a Marta.

Mme Grangier entrou. Sufrín por ela pola súa pequena estatura, pois esforzábase por ser altiva. Escusouse de me molestar por nada. Explicoume que me mandara aquel recado para obter unha información demasiado complicada para pedir por escrito pero que, entre tanto, conseguira xa a información. Este absurdo misterio atormentoume máis ca calquera catástrofe.

Cerca do Marne, encontrei o pequeno Grangier, apoiado contra unha reixa. Déranlle cunha bóla de neve en toda a cara e choricaba. Acariñeino e pregunteille por Marta. Díxome que a súa irmá chamaba por min. A súa nai negábase pero o seu pai dixera: “Marta está nas últimas, esixo que se lle obedeza”.

Comprendín nun segundo a conduta tan burguesa e tan estraña de Mme Grangier. Chamárame por respecto ao seu esposo e á vontade dunha moribunda, pero unha vez que pasara a alerta, Marta estaba sa e salva, seguíase coa consigna. Debería alegrarme pero lamentei que a crise non durase o tempo de me deixar ver a enferma.

Dous días despois, Marta escribiu-me. Non facía ningunha alusión á miña visita. Sen dúbida, non lle dixeran nada. Falaba do noso futuro, cun ton especial, sereno, celeste, que me perturbou un pouco. Debe ser verdade que o amor é a forma máis violenta do egoísmo, porque, buscándolle unha razón á miña turbación, díxenme que estaba celoso do noso fillo do que Marta falaba máis ca de min mesmo.

Esperabámolo para marzo. Un venres de xaneiro, os meus irmáns, moi sufocados, anunciáronnos que o pequeno Grangier tiña un sobriño. Non comprendín o seu aire de triunfo nin por que correran tanto. Evidentemente non sospeitaban o extraordinaria que era a nova para min. Un tío era para os meus irmáns unha persoa de idade e que o pequeno Grangier fose tío tiña entón algo de prodixio e acudiran para compartir con nós a súa admiración.

O que temos constantemente ante os nosos ollos é o que recoñecemos con máis dificultade, se se cambia de lugar. No sobriño do pequeno Grangier, non recoñecín inmediatamente o fillo de Marta, o meu fillo.

Fun o escenario do enlouquecemento que nun lugar público produce un cortocircuíto. De golpe, todo se volveu negro ante min. Nesa noite, os meus sentimentos arremuiñábanse; buscábame, buscaba ás apalpadelas datas, precisións. Contaba cos dedos como lle vira facer algunhas veces a Marta, sen entón sospeitar nela a traizón. Non servía para nada. Xa non sabía contar. Que era iso de que esperabamos o neno en marzo e nacía en xaneiro? Todas as explicacións que lle encontraba a esta anormalidade proporcionábanmas os celos. De inmediato, consolidouse a miña certeza. Aquel fillo era de Jacques. Non estivera de permiso nove meses antes? Entón, desde ese momento, Marta mentírame. Por outra parte, xa non me mentira no tocante a aquel permiso? Non me xurara nun principio que refusara durante aqueles malditos quince días a Jacques para confesarme, moito tempo despois, que el a posuía varias veces?

Nunca pensara moi profundamente que aquel neno puidese ser de Jacques. E se, ao principio do embarazo de Marta, puidera desexar covardemente que así fose, tiña que confesar, agora, que cría estar en fronte do irreparable porque, arrolado durante meses pola certeza da miña paternidade, amaba aquel neno, aquel neno que non era meu. Por que tiña que deixar de sentirme pai só cando sabía que non o era?

Vese. Sentíame unha increíble confusión, como lanzado á auga, en plena noite, sen saber nadar. Xa non comprendía nada. O que máis me custaba comprender era a audacia de Marta de pórllle o meu nome a aquel fillo lexítimo. En certos momentos, parecíame un desafío á sorte que non quixera que o neno fose meu; noutros momentos só me parecía unha falta de tacto, unha desas faltas de gusto que varias veces me chocaran en Marta e que só eran produto do seu exceso de amor.

Comezara unha carta de inxurias que cría que debía enviarlle por dignidade, pero as palabras non me saían porque a miña mente estaba noutra parte, en rexións máis nobres.

Rompín a carta en anacos. Escribín outra na que deixei que falase o meu corazón. Pedíalle perdón a Marta, perdón de que? Con toda seguridade, aquel neno era de Jacques. Suplicáballe que a pesar de todo me amase.

O home moi novo é un animal rebelde ante a dor. Xa arranxaba doutro xeito a miña sorte. Case aceptaba este neno doutro. Pero antes de acabar a carta, recibín unha de Marta, desbordante de alegría. Aquel neno era noso pero nacera dous meses antes do debido. Había que metelo na incubadora. “Estiven a piques de morrer”, dicía. Esta frase divertíume coma unha cousa de nenos.

Só tiña sitio para a alegría. Desexaba compartir aquel nacemento co mundo enteiro, dicirlles aos meus irmáns que eles tamén eran tíos. Con alegría, despregábame: como puidera dudar de Marta? Os remorsos, mesturados coa felicidade, facían que a amase máis ca nunca, o meu fillo tamén. Na miña incoherencia, bendicía a confusión. Por encima de todo, estaba contento de ter coñecido durante algúns instantes a dor. Polo menos, así o cría. Pero nada se parece menos ás cousas mesmas ca o que está moi cerca delas. Un home que estivo a piques de morrer cre que coñece a morte. O día no que esta se presenta por fin ante el, non a reconece: “Non é ela”, di morrendo.

Na carta, Marta dicíame ademais: “Parécese a ti”. Eu vira nenos acabados de nacer, os meus irmáns e as miñas irmás, e sabía que só o amor dunha muller pode descubririlles o parecido que ela desexa. “Ten os meus ollos”, engadía. E só tamén o seu desexo de nos ver reunidos nun só ser podía facer que reconecese os seus ollos.

Na casa dos Grangier, xa non quedaba ningunha dúbida. Maldicían a Marta, pero actuaban de cómplices para que o escándalo non se estendese sobre a familia. O médico, tamén cómplice da orde, ocultando que aquel nacemento era prematuro, encargábase de explicarlle ao marido, con algunha invención, a necesidade dunha incubadora.

Os días seguintes encontrei natural o silencio de Marta. Jacques debía de estar con ela. Ningún permiso me afectara tan pouco coma aquel, concedido ao desgraciado polo nacemento do *seu* fillo. Nun último arranque de puerilidade, mesmo rin ante o pensamento de que era a min a quen me debía os días de permiso.

A nosa casa respiraba a calma.

Os verdadeiros presentimentos fórmanse en profundidades que o noso espírito non visita. Así pois, ás veces, fannos realizar actos que interpretamos totalmente ao revés.

Considerábame máis tenro a causa da miña felicidade e alegrábame de que Marta estivese nunha casa que os meus bonitos recordos transformaban en fetiche.

Un home disoluto que vai morrer e non o sabe pon de golpe orde arredor seu. A súa vida cambia. Ordena os papeis, érguese cedo, déitase cedo e renuncia aos vicios. Os que o rodean alégranse e a súa brutal morte parece moito máis inxusta. *Ía vivir feliz.*

Do mesmo xeito, a nova calma da miña existencia era o meu traxe de condenado. Considerábame mellor fillo porque tiña un. Agora ben, a miña tenrura achegábame ao meu pai e á miña nai porque algo en min sabía que en pouco tempo necesitaría a súa.

Un día, ao mediodía, os meus irmáns volveron da escola gritando que Marta morrera.

O raio que cae sobre un home é tan rápido que non sofre pero para quen está con el é un triste espectáculo. Mentres eu non sentía nada, o rostro do meu pai descompoñíase. Empuxou os meus irmáns: “Saíde, tatabexou. Estadades tolos, estadades tolos”. Eu tiña a sensación de endurecer, de arrefriar, de petrificarme. Despois, da mesma maneira que todos os recordos dunha vida pasan nun só segundo ante a mirada dun moribundo, a certeza descubriume o meu amor con todo o que tiña de monstruoso. Como meu pai choraba, eu saloucaba. Entón, a miña nai ocupouse de min. Sen chorar, coidoume fría e tenramente, coma se se tratase dunha escarlatina.

A miña síncope explicoulles aos meus irmáns o silencio da casa os primeiros días. Despois, non comprendían. Nunca lles prohibiran os xogos ruidosos e estaban calados, pero, ao mediodía, os seus pasos nas lousas do vestíbulo facían que perdesse o coñecemento coma se cada vez me anunciasen a morte de Marta.

Marta! Os meus celos seguíanata o sepulcro e desexaba que non houbese nada despois da morte. Do mesmo xeito, resúltanos insoportable que a persoa que queremos se encontre con moita compañía nunha festa na que nós non estamos. O meu corazón

estaba na idade na que aínda non se pensa no futuro. Si, era a nada o que eu desexaba para Marta, máis ca un mundo novo no que reunirme con ela un día.

A única vez que vin a Jacques, foi algúns meses máis tarde. Como sabía que o meu pai posuía unhas acuarelas de Marta, quería velas. Sempre estamos ávidos de descubrir o que ten que ver cos seres que amamos. Quixen ver o home ao que Marta lle concedera a súa man.

Retendo o alento e camiñando na punta dos pés, dirixinme cara á porta entreaberta. Cheguei xusto para oír:

– A miña muller morreu chamándoo. Pobre neno! Non é a miña única razón de vivir?

Vendo aquel viúvo tan digno e dominando a súa desesperación, comprendín que, co tempo, a orde se pon por si mesma nas cousas. Non acababa de oír que Marta morrera chamándome e que o meu fillo ía ter unha existencia razoable?

FIN